As probas escritas serán as tarefas e fichas, o traballo no caderno de campo, resumos, esquemas, mapas conceptuais, claves dicotómicas e probas obxectivas. Os cales terán a porcentaxe marcada en cada unidade didáctica para cada criterio de avaliación.

Por outra banda, as táboas de indicadores serán rúbricas, listas de cotexo ou escalas de observación entre outros. Estas táboas de indicadores terán a porcentaxe marcada para cada criterio de avaliación en cada unidade. A través destas táboas avaliaranse os criterios de avaliación que se indican, así como o respecto polos compañeiros, a capacidade de seguir uns pasos ou unhas instrucións e o grao de responsabilidade na execución dos proxectos, ademais do traballo no caderno de clase.

Para obter a cualificación de cada unha das unidades didácticas empregaranse os procedementos de avaliación anteriormente citados.

Para o cálculo da nota de cada avaliación terase en conta a seguinte fórmula:

NOTA PRIMEIRA AVALIACIÓN= (NOTA UD1 + NOTA UD2) / 2

NOTA SEGUNDA AVALIACIÓN= (NOTA UD3 + NOTA UD4) / 2

NOTA TERCEIRA AVALIACIÓN= (NOTA UD5 + NOTA UD6) / 2

Para o cálculo da nota de cada unidade, utilizaranse as seguintes porcentaxes:

80% da rúbrica do traballo nos tres recantos e o 20% da actitude durante o desenvolvemento das tarefas.

A cualificación da avaliación final da materia calcularase aplicando a seguinte fórmula:

NOTA AVALIACIÓN FINAL: Nota 1ª avaliación x 0.35 + nota 2ª avaliación x 0.35 + nota 3ª avaliación x 0.3

O resultado dos cálculos redondearase cara a unidade seguinte, sempre e cando o número das décimas sexa cinco ou maior que cinco.

### **Criterios de recuperación:**

Aquel alumnado que obteña unha valoración negativa nunha unidade ou nun trimestre deberá recuperar a materia atendendo os seguintes criterios de recuperación.

Por un lado, realizará unha serie de tarefas que versarán sobre os contidos traballados que serán entregadas e avaliadas polo profesorado, as cales terán un peso do 60% da cualificación final. Por outro lado, realizará unha proba escrita sobre os contidos traballados en ditas actividades a cal terá unha valoración do 40%.

## **6. Medidas de atención á diversidade**

En canto ás medidas de atención á diversidade, debemos ter en conta á hora de levar a cabo esta programación por un lado as medidas ordinarias, así como as medidas extraordinarias, as cales se porán en funcionamento unha vez esgotadas as ordinarias.

Así, entre as medidas ordinarias hai que ter en conta á adecuación desta programación ás características do centro e do alumnado. Por outro lado, levaranse a cabo reforzos educativos con aquel profesorado con dispoñibilidade horaria, ademais de programas de habilidades sociais para traballar a autoestima ou a empatía, o que facilitará o traballo en equipo. Por último, en canto as medidas ordinarias hai que destacar o programa de enriquecemento curricular para aquel alumnado con altas capacidades.

Por outra banda, entre as medidas extraordinarias podemos atopar: adaptacións curriculares, agrupamentos flexibles, apoio do profesorado especialista en pedagogía terapéutica ou audición e linguaxe, a flexibilización no período de escolarización, así como alumnado que no poida acudir ao centro educativo por circunstancias diversas ou unha atención educativa domiciliaria ou hospitalaria.

Tendo en conta esta información sobre as medidas de atención á diversidade, levaranse a cabo aquelas que se correspondan coa diversidade da aula, como poden ser as seguintes:

- Mellorar os hábitos de estudo e as técnicas de aprendizaxe do alumnado, potenciando a adquisición das competencias a través da realización de esquemas, mapas conceptuais, claves dicotómicas, resumos, etc.

- Desenvolver as capacidades do alumnado tendo en conta as súas características e circunstancias familiares, como poden ser: a adaptación de medios, o uso da axenda escolar, adaptación dos tempos na realización de probas ou tarefas, uso de imaxes, aplicacións dixitais...

- Realizar actividades de reforzo para aquel alumnado que non conseguiu adquirir os contidos traballados, como poden ser o uso de imaxes ou apoios visuais.

- Diseñar actividades de ampliación para aquel alumnado que xa adquiriu os contidos, a través da relación de tarefas de aprendizaxe integradas que aborden contidos de outras materias, afondando nos coñecementos adquiridos.

Levar a cabo actividades complementarias, as cales amplían os aspectos curriculares, como poden ser as saídas ó medio natural (ecosistema de praia, de monte, campo), visitas a museos, exposicións, charlas formativas, etc.

Establecer colaboracións con outras institucións (concello, deputación, organizacións sen ánimo de lucro) como poden os materiais aportados por fundacións como a ONCE.

Participar en plans e programas da Consellería de Educación e outras entidades, algúns exemplos poden ser: Plans Proxecta+ ou Voz Natura, entre outros.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - A comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.	X	X	X	X	X	X
ET.2 - A igualdade entre mulleres e homes, a educación para a paz, a educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible e a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual.		X	X			
ET.3 - Prestarase especial atención á orientación educativa, á acción titorial e á educación emocional e en valores.	X	X	X	X		
ET.4 - A prevención e resolución pacífica de conflitos e o rexeitamento da violencia.	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.			X	X		
ET.6 - O alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.	X	X	X	X	X	X

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saídas culturais	Visita a un museo, exposicións...	X	X	X
Saídas á contorna	Nas que coñeceremos os ecosistemas máis próximos.	X	X	X
Charlas formativas	Familias, profesionais de distintos ámbitos laborais, ou outras institucións.	X		
Obradoiros	Relaxación e xestión de emocións, cociña saudable, primeiros auxilios, prácticas saudables no deporte...	X	X	
Conmemoracións	Recollidas no calendario escolar, como poden ser : Día Mundial da Saúde, do Medio Ambiente, dos Dereitos do Consumidor, Día Internacional da Muller?	X	X	X

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Funcionalidade da programación.
Coherencia entre os obxectivos e os contidos.
Actividades adecuadas.
Metodoloxía empregada
Estilo de ensinanza.
Rol do docente.
Motivación do alumnado.
Procedementos de avaliación.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Temporalización.
Organización dos recursos materiais.
Medidas de atención á diversidade
Medidas de atención á diversidade.

### **Descrición:**

Á hora de levar a cabo a avaliación do proceso de ensino e da práctica docente, debemos ter en conta os indicadores de logro especificados anteriormente. Ditos indicadores permítenos coñecer información axeitada da nosa labor docente a través de diferentes instrumentos de avaliación como poden ser: enquisas, listas de control, a memoria da materia ou as actas de avaliación, entre outros.

## **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

O seguimento da programación levarase a cabo a través da aplicación PROENS ao finalizar cada unidade didáctica. Ademais, hai que destacar a utilización do diario de clase para o seguimento da actividade lectiva, xa que esta ferramenta permítenos comprobar se o programado inicialmente se desenvolveu sen dificultade ou hai que realizar algunha modificación. As modificacións da programación quedarán reflectidas na memoria, que se realizará a final de curso e servirá como proposta de mellora para o próximo curso.

Centraremos a revisión, avaliación e seguimento da programación atendendo ós seguintes aspectos:

-Comprobación dunha correcta planificación e temporalización das unidades didácticas.

-O equipo docente que imparte a materia no mesmo nivel, coordinarase e analizará regularmente a adecuación da programación didáctica a cada grupo, formulando propostas de mellora e realizando os axustes necesarios sempre que sexa preciso.

-Realizarase un seguimento trimestral dos resultados da avaliación do alumnado, e en función dos mesmos, estableceranse modificacións e propostas de mellora naqueles aspectos que se consideren oportunos para mellorar os resultados académicos do alumnado.

## **9. Outros apartados**

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36002220	CEIP Cabada Vázquez	A Estrada	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Ciencias Sociais	4º Pri.	2	70

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	12
4.2. Materiais e recursos didácticos	13
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	14
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	15
6. Medidas de atención á diversidade	15
7.1. Concreción dos elementos transversais	16
7.2. Actividades complementarias	17
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	17
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	18
9. Outros apartados	18



## 1. Introducción

A Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación establece no seu artigo 91 como a primeira das funcións do profesorado, a elaboración da programación da/s área/s correspondentes. Este documento será o eixo vertebrador a nivel curricular do proceso de ensino aprendizaxe durante o ano académico 2023/2024, e seguirá as pautas establecidas no equipo de ciclo e a comisión de coordinación pedagóxica.

O obxectivo da área das Ciencias Sociais é que as nenas e os nenos cheguen a ser persoas activas, responsables e respectuosas coa súa contorna próxima e afastada.

Nunha sociedade cada vez máis diversa e cambiante, é necesario promover novas formas de sentir, de pensar e de actuar, favorecedoras da inclusión do alumnado e acordes cun mundo máis xusto, solidario e sustentable, o cal implica que o alumnado teña que adoptar un coñecemento de si mesmo e da contorna que o rodea, adaptándose a el e sendo capaz de contribuír ao seu avance e conservación.

O alumnado debe adquirir os coñecementos, destrezas e actitudes relacionadas co uso seguro e fiable das fontes de información e coa educación para o desenvolvemento sustentable e a cidadanía global, que inclúe entre outros: o coñecemento e o impulso para traballar a favor da consecución dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable da Axenda 2030, o respecto pola diversidade etnocultural e afectivo-sexual, a cohesión social, o espírito emprendedor, a valoración e conservación do patrimonio, o emprendemento social e ambiental e a defensa da igualdade efectiva entre mulleres e homes; en resumo, nenas e nenos comprometidos co planeta e coas persoas, que chegarán a ser persoas adultas con intereses e inquietudes para conservar a contorna que os rodea.

Por outro lado desenvolverase unha cultura científica baseada na indagación para a formación dunha cidadanía con pensamento crítico, capaz de tomar decisións ante as situacións que se lle expoñan, xa sexa no ámbito persoal, social ou educativo. Os procesos de indagación favorecen o traballo interdisciplinar e a relación dos diferentes coñecementos e destrezas que posúe o alumnado.

Ademais a dixitalización da sociedade require que o alumnado faga un uso seguro, eficaz e responsable das tecnoloxías da información e comunicación, que facilitará a realización de proxectos interdisciplinares cooperativos nos que se resolva un problema ou se dea resposta a unha necesidade da contorna próxima.

Para todo iso, é necesario partir dos centros de interese do alumnado e a súa realidade próxima, achegándoo ao descubrimento, a observación e a indagación dos distintos elementos naturais, sociais e culturais do mundo que o rodea.

Centrándonos na idade á que vai dirixida esta programación, en 4º de EP (8 ou 9 anos), o alumnado atópase en plena fase de maduración cognitiva e social. Son capaces de realizar prediccións e asumir os roles que lle toca dentro dun equipo. Son capaces de participar en proxectos cada vez máis e máis complexos e amplían notablemente o seu vocabulario.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura, responsable e eficiente, para buscar información, comunicarse e traballar de maneira individual, en equipo e en rede.	3	2	4	1-2-3-4-5				4
OBX2 - Expor e dar resposta a cuestións científicas sinxelas, utilizando diferentes técnicas, instrumentos e modelos propios do pensamento científico, para interpretar e explicar feitos e fenómenos que ocorren no medio natural, social e cultural.	1-2-3		2-4	1-2		4		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX3 - Identificar as características dos diferentes elementos ou sistemas do medio natural, social e cultural, analizando a súa organización e propiedades e establecendo relacións entre estes, para recoñecer o valor do patrimonio cultural, conservalo, melloralo e emprender accións para o seu uso responsable.			1-2-4-5	1		4	1	1
OBX4 - Identificar as causas e consecuencias da intervención humana na contorna, desde os puntos de vista social, económico, cultural, tecnolóxico e ambiental, para mellorar a capacidade de afrontar problemas, buscar solucións e actuar de maneira individual e cooperativa na súa resolución, e para poñer en práctica estilos de vida sustentables e consecuentes co respecto, o coidado e a protección das persoas e do planeta.	5		2-5		4	1-3-4	1	
OBX5 - Observar, comprender e interpretar continuidades e cambios do medio natural, social e cultural, analizando relacións de causalidade, simultaneidade e sucesión, para explicar e valorar as relacións entre diferentes elementos e acontecementos.	3		4		4	1-3	2	1
OBX6 - Recoñecer e valorar a diversidade e a igualdade de xénero, mostrando empatía e respecto por outras culturas e reflexionando sobre cuestións éticas, para contribuír ao benestar individual e colectivo dunha sociedade en continua transformación e ao logro dos valores de integración europea.		3			3	1-2-3		1
OBX7 - Participar na contorna e na vida social de forma eficaz e construtiva desde o respecto aos valores democráticos, os dereitos humanos e da infancia e os principios e valores da Constitución española e a Unión Europea, valorando a función do Estado e as súas institucións no mantemento da paz e seguridade integral cidadá, para xerar interaccións respectuosas e equitativas e promover a resolución pacífica e dialogada dos conflitos.	5				1	1-2-3		1

**Descrición:**

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	O clima, a Terra e a orientación	Traballaremos aspectos como os fenómenos físicos, os movementos da Terra, as zonas climáticas (especialmente os climas de Galicia a través do estudo da estación metereolóxica do centro) ou diferentes formas de orientación: a orientación natural e a través de mapas sinxelos.	15	10	X		
2	Medioambiente	Unha vez que na UD anterior coñecemos o noso planeta, nesta segunda UD estudaremos diferentes estilos dunha vida sostible, o cambio climático e a responsabilidade ecosocial. Tamén veremos como protexer os diferentes entornos naturais do noso país.	15	10	X		
3	Vivimos en Galicia	Analizaremos aspectos do noso patrimonio natural e cultural así como as normas para vivir en sociedade	12	10	X		
4	Economía e seguridade viaria	Os contidos desta UD serán os diferentes tipos de pago, o diñeiro así como a seguridade viaria.	16	10		X	
5	Así é España e Europa	Veremos a organización política e territorial de España e Europa, así como as principais institucións. Nesta UD faremos un proxecto grupal de investigación. Cada grupo investigará sobre unha CCAA diferente.	15	10		X	
6	O paso do tempo	Os avances no tempo no campo da ciencia e a tecnoloxía, o papel dos individuos ao longo da historia ou a historia da localidade son algúns dos contidos a traballar nesta penúltima UD. Visitaremos un museo nesta UD	12	10			X
7	A Idade Antiga e a Prehistoria	Na derradeira UD analizaremos dúas etapas da historia: a Idade Antiga e a Prehistoria. O alumnado fará un proxecto de investigación, buscando información en internet e expoñendo ante os compañeiros/as os seus traballos.	15	10			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	O clima, a Terra e a orientación	10

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.5 - Realizar actividades no contexto da comunidade escolar, asumindo responsabilidades e establecendo acordos de forma dialogada e democrática e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Realizar actividades no contexto da comunidade escolar de forma cooperativa.	TI	100
CA2.1 - Identificar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural a través de metodoloxías da indagación e utilizando as ferramentas e procesos adecuados.	Identificar certas características e elementos do medio natural, social e cultural.		
CA2.2 - Identificar conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural, mostrando comprensión das relacións que se establecen.	Relaciona basicamente elementos do medio natural, social e cultural.		
CA3.2 - Valorar positivamente as accións que fomentan a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos ao longo da historia.	Valorar positivamente as accións que fomentan a igualdade de xénero e as condutas non sexistas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Propostas de traballo cooperativo que supoñan un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e faciliten o proceso de autorregulación de aprendizaxes. Cooperación e diálogo. Estratexias para a prevención e resolución de conflitos.</li> <li>- Relación dos elementos, movementos e dinámicas que ocorren no universo con determinados fenómenos físicos que lle afectan á Terra e repercuten na vida diaria e na contorna.</li> <li>- As tecnoloxías da información xeográfica (TIX). A estación meteorolóxica e os seus instrumentos. Relación entre as zonas climáticas e a diversidade de paisaxes. Algunhas características do clima de Galicia.</li> <li>- Mapas e planos en distintas escalas. Técnicas de orientación mediante a observación dos elementos do medio físico e outros medios de localización espacial.</li> <li>- Igualdade de xénero e conduta non sexista. Análise e reflexión sobre os estereotipos de xénero.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
2	Medioambiente	10

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.5 - Realizar actividades no contexto da comunidade escolar, asumindo responsabilidades e establecendo acordos de forma dialogada e democrática e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Realizar actividades no contexto da comunidade escolar de forma cooperativa.	TI	100
CA2.2 - Identificar conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural, mostrando comprensión das relacións que se establecen.	Relaciona basicamente elementos do medio natural, social e cultural.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Identificar problemas ecosociais, propoñer posibles solucións e poñer en práctica estilos de vida sustentable, recoñecendo comportamentos respectuosos de coidado, corresponsabilidade e protección da contorna e uso sustentable dos recursos naturais, e expresando os cambios positivos e negativos causados no medio pola acción humana.	Coñecer diferentes problemáticas ecosociais e participar na conservación e mellora da contorna favorecendo o desenvolvemento sustentable.		
CA3.2 - Valorar positivamente as accións que fomentan a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos ao longo da historia.	Valorar positivamente as accións que fomentan a igualdade de xénero e as condutas non sexistas.		
CA4.1 - Protexer o patrimonio natural e cultural e valoralo como un ben común, adoptando condutas respectuosas para o seu gozo e propoñendo accións para a súa conservación e mellora.	Protexer e respectar o patrimonio natural e cultural e valoralo como un ben común.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Propostas de traballo cooperativo que supoñan un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e faciliten o proceso de autorregulación de aprendizaxes. Cooperación e diálogo. Estratexias para a prevención e resolución de conflitos.</li> <li>- O cambio climático. Introducción ás causas e consecuencias do cambio climático, e o seu impacto nas paisaxes da Terra. Medidas de mitigación.</li> <li>- Responsabilidade ecosocial. A transformación e a degradación dos ecosistemas naturais pola acción humana. Conservación e protección da natureza. Os malos tratos animais e a súa protección.</li> <li>- Estilos de vida sustentable. O consumo e a produción responsables, a alimentación equilibrada e sustentable, o uso eficiente da auga e a enerxía, a mobilidade segura, saudable e sustentable, e a prevención e a xestión dos residuos.</li> <li>- Igualdade de xénero e conduta non sexista. Análise e reflexión sobre os estereotipos de xénero.</li> <li>- O patrimonio natural e cultural. Diferenzas entre parques nacionais, rexionais e naturais. Os espazos naturais protexidos. O seu uso, coidado e conservación.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
3	Vivimos en Galicia	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Realizar actividades no contexto da comunidade escolar, asumindo responsabilidades e establecendo acordos de forma dialogada e democrática e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Realizar actividades no contexto da comunidade escolar de forma cooperativa.	TI	100

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.1 - Analizar a importancia demográfica, cultural e económica das migracións na actualidade, valorando con respecto e empatía a achega da diversidade cultural ao benestar individual e colectivo.	Coñecer as características básicas das migracións na actualidade aceptando a diversidade cultural.		
CA3.2 - Valorar positivamente as accións que fomentan a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos ao longo da historia.	Valorar positivamente as accións que fomentan a igualdade de xénero e as condutas non sexistas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Propostas de traballo cooperativo que supoñan un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e faciliten o proceso de autorregulación de aprendizaxes. Cooperación e diálogo. Estratexias para a prevención e resolución de conflitos.</li> <li>- Os costumes, tradicións e manifestacións culturais da contorna. Respecto pola diversidade cultural que convive na contorna da cohesión social. A cultura de paz e non violencia.</li> <li>- Igualdade de xénero e conduta non sexista. Análise e reflexión sobre os estereotipos de xénero.</li> <li>- Compromisos e normas para a vida en sociedade.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
4	Economía e seguridade viaria	10

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.4 - Interiorizar normas básicas para a convivencia no uso dos espazos públicos como peóns ou como usuarios dos medios de locomoción, identificando os sinais de tráfico e tomando conciencia da importancia dunha mobilidade segura, saudable e sustentable tanto para as persoas como para o planeta.	Distinguir os principais sinais de tráfico, iniciándose na educación viaria.	PE	15
CA1.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais, de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual e en equipo, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos.	Utilizar determinados dispositivos e recursos dixitais de acordo co contexto.		
CA1.3 - Buscar e seleccionar información, de diferentes fontes seguras e fiables utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural e adquirindo léxico científico básico.	Buscar información de diferentes fontes.	TI	85

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Realizar actividades no contexto da comunidade escolar, asumindo responsabilidades e establecendo acordos de forma dialogada e democrática e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Realizar actividades no contexto da comunidade escolar de forma cooperativa.		
CA2.3 - Identificar problemas ecosociais, propoñer posibles solucións e poñer en práctica estilos de vida sustentable, recoñecendo comportamentos respectuosos de coidado, corresponsabilidade e protección da contorna e uso sustentable dos recursos naturais, e expresando os cambios positivos e negativos causados no medio pola acción humana.	Coñecer diferentes problemáticas ecosociais e participar na conservación e mellora da contorna favorecendo o desenvolvemento sustentable.		
CA3.1 - Analizar a importancia demográfica, cultural e económica das migracións na actualidade, valorando con respecto e empatía a achega da diversidade cultural ao benestar individual e colectivo.	Coñecer as características básicas das migracións na actualidade aceptando a diversidade cultural.		
CA3.2 - Valorar positivamente as accións que fomentan a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos ao longo da historia.	Valorar positivamente as accións que fomentan a igualdade de xénero e as condutas non sexistas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación (observación no tempo, identificación e clasificación, procura de patróns, creación de modelos, investigación a través de procura de información, experimentos con control de variables...).</li> <li>- Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións.</li> <li>- Fomento da curiosidade, a iniciativa e a constancia na realización das diferentes investigacións.</li> <li>- Propostas de traballo cooperativo que supoñan un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e faciliten o proceso de autorregulación de aprendizaxes. Cooperación e diálogo. Estratexias para a prevención e resolución de conflitos.</li> <li>- Responsabilidade ecosocial. A transformación e a degradación dos ecosistemas naturais pola acción humana. Conservación e protección da natureza. Os malos tratos animais e a súa protección.</li> <li>- O valor, o control do diñeiro e os medios de pago. Da supervivencia á sobreprodución.</li> <li>- Ocupación e distribución da poboación no espazo e análise dos principais problemas e retos demográficos. Representación gráfica e cartográfica da poboación con datos obtidos de fontes estatísticas. A organización do territorio en España e en Europa.</li> <li>- Igualdade de xénero e conduta non sexista. Análise e reflexión sobre os estereotipos de xénero.</li> <li>- Seguridade viaria. A cidade como espazo de convivencia. Normas de circulación, sinais e marcas viarios. Mobilidade segura, saudable e sustentable como peóns ou como usuarios dos medios de locomoción.</li> <li>- Compromisos e normas para a vida en sociedade.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
5	Así é España e Europa	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Coñecer os principais órganos de goberno e funcións de diversas administracións e servizos públicos, valorando a importancia da súa xestión para a seguridade integral cidadá e a participación democrática.	Coñecer algúns dos órganos de goberno e servizos públicos básicos.	PE	35
CA1.5 - Realizar actividades no contexto da comunidade escolar, asumindo responsabilidades e establecendo acordos de forma dialogada e democrática e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Realizar actividades no contexto da comunidade escolar de forma cooperativa.	TI	65
CA3.2 - Valorar positivamente as accións que fomentan a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos ao longo da historia.	Valorar positivamente as accións que fomentan a igualdade de xénero e as condutas non sexistas.		
CA4.1 - Protexer o patrimonio natural e cultural e valoralo como un ben común, adoptando condutas respectuosas para o seu gozo e propoñendo accións para a súa conservación e mellora.	Protexer e respectar o patrimonio natural e cultural e valoralo como un ben común.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Propostas de traballo cooperativo que supoñan un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e faciliten o proceso de autorregulación de aprendizaxes. Cooperación e diálogo. Estratexias para a prevención e resolución de conflitos.</li> <li>- A organización política e territorial de España.</li> <li>- Organización e funcionamento da sociedade. As principais institucións e entidades da contorna local, rexional e nacional e os servizos públicos que prestan. Estrutura administrativa de España.</li> <li>- Ocupación e distribución da poboación no espazo e análise dos principais problemas e retos demográficos. Representación gráfica e cartográfica da poboación con datos obtidos de fontes estatísticas. A organización do territorio en España e en Europa.</li> <li>- Igualdade de xénero e conduta non sexista. Análise e reflexión sobre os estereotipos de xénero.</li> <li>- Iniciación á investigación e aos métodos de traballo para a realización de proxectos, que analicen feitos, asuntos e temas de relevancia actual con perspectiva histórica, contextualizándoos na época correspondente.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
6	O paso do tempo	10



<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.2 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas, demostrando curiosidade polo medio natural, social e cultural próximo.	Amosar curiosidade polo medio natural, social e cultural máis próximo.	TI	100
CA1.5 - Realizar actividades no contexto da comunidade escolar, asumindo responsabilidades e establecendo acordos de forma dialogada e democrática e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Realizar actividades no contexto da comunidade escolar de forma cooperativa.		
CA3.2 - Valorar positivamente as accións que fomentan a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos ao longo da historia.	Valorar positivamente as accións que fomentan a igualdade de xénero e as condutas non sexistas.		
CA4.1 - Protexer o patrimonio natural e cultural e valoralo como un ben común, adoptando condutas respectuosas para o seu gozo e propoñendo accións para a súa conservación e mellora.	Protexer e respectar o patrimonio natural e cultural e valoralo como un ben común.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Avances no pasado relacionados coa ciencia e a tecnoloxía que contribuíron a transformar a nosa sociedade mostrando modelos que incorporen unha perspectiva de xénero.</li> <li>- Propostas de traballo cooperativo que supoñan un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e faciliten o proceso de autorregulación de aprendizaxes. Cooperación e diálogo. Estratexias para a prevención e resolución de conflitos.</li> <li>- Igualdade de xénero e conduta non sexista. Análise e reflexión sobre os estereotipos de xénero.</li> <li>- As pegadas da historia en lugares, edificios, obxectos, oficios ou tradicións da localidade. Os museos como espazo de aprendizaxe e gozo.</li> <li>- Interpretación do papel dos individuos e dos distintos grupos sociais, relacións, conflitos, crenzas e condicionantes en cada época histórica.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
7	A Idade Antiga e a Prehistoria	10

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA4.3 - Coñecer persoas, grupos sociais relevantes e formas de vida das sociedades desde a Prehistoria ata a Idade Antiga, incorporando a perspectiva de xénero.	Coñecer persoas, grupos sociais relevantes e formas de vida das sociedades desde a Prehistoria ata a Idade antiga, incorporando a identidade de xénero.	PE	25

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais, de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual e en equipo, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos.	Utilizar determinados dispositivos e recursos dixitais de acordo co contexto.	TI	75
CA1.4 - Realizar experimentos guiados utilizando diferentes técnicas de indagación e modelos, empregando de forma segura instrumentos e dispositivos, realizando observacións e medicións precisas e rexistrándoas correctamente.	Participar en experimentos guiados e no rexistro dos datos correspondentes.		
CA1.5 - Realizar actividades no contexto da comunidade escolar, asumindo responsabilidades e establecendo acordos de forma dialogada e democrática e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Realizar actividades no contexto da comunidade escolar de forma cooperativa.		
CA3.2 - Valorar positivamente as accións que fomentan a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos ao longo da historia.	Valorar positivamente as accións que fomentan a igualdade de xénero e as condutas non sexistas.		
CA4.2 - Identificar feitos da contorna social e cultural desde a Prehistoria ata a Idade Antiga, empregando as nocións de causalidade, simultaneidade e sucesión.	Identificar feitos da contorna social e cultural desde a Prehistoria ata a Idade antiga.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Técnicas para unha correcta exposición oral dos resultados da investigación, presentando os resultados en diferentes formatos.</li> <li>- Propostas de traballo cooperativo que supoñan un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e faciliten o proceso de autorregulación de aprendizaxes. Cooperación e diálogo. Estratexias para a prevención e resolución de conflitos.</li> <li>- Estratexias de procuras guiadas de información seguras e eficientes en Internet (valoración, discriminación, selección e organización).</li> <li>- Igualdade de xénero e conduta non sexista. Análise e reflexión sobre os estereotipos de xénero.</li> <li>- O tempo histórico. Nocións temporais e cronoloxía. Localización temporal das grandes etapas históricas en eixes cronolóxicos. Temas de relevancia na historia (Prehistoria e Idade Antiga).</li> <li>- A función da arte e a cultura no mundo da Prehistoria e da Idade Antiga.</li> </ul>

#### **4.1. Concrecións metodolóxicas**

Aplicaremos unha metodoloxía baseada en proxectos (ABP) e UDIS, coa que pretendemos conseguir un desenvolvemento integral e global do alumnado, tendo sempre como referencia as competencias clave. Debido á nosa metodoloxía a temporalización contemplada nesta programación pode non corresponderse coa que finalmente se leve a cabo ao longo do curso. Os cambios realizados quedarán recollidos na elaboración das UDIS e proxectos. Para o desenvolvemento destes proxectos organizaremos o traballo do alumnado distribuíndoo en catro contextos de aprendizaxe:

- Contexto humanístico
- Contexto científico

- Contexto lingüístico
- Contexto matemático

A materia de Ciencias Sociais estará directamente vinculada co contexto humanístico, aínda que tamén se traballarán contidos desta materia nos outros contextos, xa que o que pretendemos é desenvolver os proxectos traballando interdisciplinarmente.

Cada un dos contextos terá tres recantos, e en cada recanto realizaranse tarefas distintas relacionadas cos proxectos, e en cada un destes recantos o alumnado terá un plan de traballo para realizar as distintas tarefas. No caso do contexto humanístico os recantos serán:

- Recanto Documental
- Recanto Xeográfico
- Recanto Artístico-audiovisual.

#### ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

Sesións diarias de 1 h e media para o traballo por proxectos, organizados en grupos mixtos de 3º e 4º, mesturados e agrupados en dous bloques, A e B. Cada grupo debe pasar cada día, de luns a xoves, por un dos doce recantos:

- Aula do Contexto científico (conta con tres recantos)
- Aula de 5º e 6º: Contexto matemático (conta con tres recantos)
- Aula do Contexto lingüístico (conta con tres recantos)
- Biblioteca : Contexto humanístico (conta con tres recantos)

Os venres quedan reservados para dous proxectos que duran todo o curso ( Os mass media e O horto escolar), agrupándose o alumnado do mesmo xeito que nos anteriores e rotando cada tres semanas. Cada grupo irá rotando polos distintos recantos de cada un dos contextos ata rematar todas as tarefas.

Para desenvolver o traballo nos contextos contarase coa participación de catro docentes, un en cada contexto, e ademais contaremos cun mestre de apoio . Ademais das aulas destinadas para tal fin, traballarase tamén noutros espazos do centro (aula de psicomotricidade, patios, aula de música, corredores, biblioteca...), dependendo das actividades propostas.

#### XUSTIFICACIÓN

En canto á aprendizaxe baseada en proxectos entendemos que facilita a adquisición das competencias clave. Ademais parten dos intereses do alumnado, axudan a socializar, son integradores e motivadores e posibilitan un ensino globalizado e unha aprendizaxe significativa.

#### OUTRAS CARACTERÍSTICAS METODOLÓXICAS IMPORTANTES

- Mestura de idades, recuperando de novo a idea de ciclo, posibilitando a interacción e o desempeño de diferentes roles.
- Integración das TIC, que permita ao alumnado contar cos recursos tecnolóxicos e aplicacións informáticas para desenvolver os proxectos e os plans de traballo.
- Uso da Biblioteca, como unha fonte básica de recursos para o desenvolvemento dos proxectos.
- Plans de traballo, para realizar as actividades propostas en cada un dos recantos, que axudan ao alumnado a planificar e desenvolver as tarefas.
- Implicación do alumnado na avaliación, coñecendo ao comezo que e como se lle vai avaliar e, ao remate, cal foi o resultado.
- Traballo en equipo do profesorado, maior coordinación entre todo o profesorado, imprescindible para deseñar e xestionar os programas e proxectos didácticos.
- Maior implicación das familias, facéndoos partícipes do traballo a desenvolver polo alumnado e establecendo canles de comunicación máis fluídas co profesorado e co centro.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libros de consulta da biblioteca escolar
Recursos dixitais: ordenador persoal, canón e encerado dixital, tabletas...
Material funxible (cartolinas, folios, pinturas, témperas...)
Materiais elaborados polo profesorado: plans de traballo, guías, folletos, instrucións...

Globo terráqueo
Aula virtual do centro
Libreoffice writer // Impress
Genially
Liveworksheets
Kahoot
Programa Scratch
Google Earth
Mapas e planisferios
Material para a elaboración de maquetas: cartóns, papeis...
Educaplay
Visitas culturais a museos, exposicións e acontecementos que xurdan na nosa contorna.
Impresora 3D

Empregaremos unha variedade significativa de recursos didácticos para ofertarlle ao noso alumnado un amplo abano de posibilidades para as súas aprendizaxes. Intentaremos motivar e implicar ao alumnado no proceso de ensinoaprendizaxe, xa que procuraremos que os recursos empregados posibiliten unha aprendizaxe activa. Empregaranse todos aqueles materiais e recursos que se considere favorecen o proceso educativo e o desenvolvemento das capacidades do alumnado. Para a súa selección atenderase a criterios pedagóxicos. No que respecta aos recursos humanos cóntase coa mestra encargada do contexto humanístico e outros mestres que puntualmente poidan apoiar. Tamén pode ser posible contar coas familias e con algunha visita que poida vir á aula para realizar unha exposición sobre algún tema en concreto ó alumnado, dar algunha charla ou facer algunha pequena actuación ou taller. En canto ós recursos materiais inmoebles, principalmente as clases realizaranse biblioteca e se o tempo o permite e o tipo de actividade o require, ao aire libre. En canto aos recursos materiais mobles, a aula conta coa dotación de material básica: armarios con andeis, expositores para os libros que se empreguen na busca de información, mesas grandes para o traballo en grupo e cadeiras suficientes, pizarra dixital e tres ordenadores de sobremesa, impresora e panel de cortiza nunha das paredes do exterior da aula para colgar material informativo relevante e diversos traballos puntuais ou murais do alumnado.

### 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

O proceso de avaliación inicial durará as dúas primeiras semanas lectivas do curso ( 4 sesións). Nesta avaliación inicial, o obxectivo primordial é comprobar os coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que posúe o noso alumnado sobre a área de Ciencias Sociais. Para obter dita información , podemos empregar distintos tipos de instrumentos de recollida de información: test obxectivos, traballos individuais e/ou grupais, actividades na aula virtual... A partires da información recollida e da interpretación da mesma, poderemos adaptar o proceso de ensinoaprendizaxe ás caracterísitcas do grupo-clase, poñendo especial énfase na detección de problemáticas e na posta en marcha das medidas de atención á diversidade necesarias.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>15</b>	<b>15</b>	<b>12</b>	<b>16</b>	<b>15</b>	<b>12</b>	<b>15</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	0	0	0	15	35	0	25	<b>11</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	100	100	100	85	65	100	75	<b>89</b>

### Criterios de cualificación:

A avaliación da aprendizaxe do alumnado levarase a cabo tomando como referentes o grao de adquisición das competencias, o logro dos obxectivos da etapa e os criterios de avaliación. No caso de alumnado con adaptación curricular, os referentes serán os incluídos na devandita adaptación. No tocante á cualificación dos trimestres, a nota extraeráse da media ponderada obtida entre as cualificacións obtidas durante o desenvolvemento dos distintos proxectos e UDIS que compoñen o trimestre. Para cualificar cada proxecto utilizaremos diferentes táboas de indicadores (escalas de observación ou rúbricas) ou en ocasións algunha proba escrita ou oral. Para cubrilas, empregaremos instrumentos de avaliación como traballos en grupo, individuais, realización de experimentos, exposicións orais, entrega de tarefas de investigación... que se realicen durante os distintos proxectos. A nota de cada UDI ou proxecto será o 80% da rúbrica que avalía as tarefas desenvolvidas en cada un dos recantos do contexto (documental, xeográfico e artístico-audiovisual) e o 20% da rúbrica que avalía a actitude que amosou durante o desenvolvemento das tarefas.

### Criterios de recuperación:

De acordo co artigo 20 da Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, así como a orde de 25 de xaneiro de 2022, a avaliación durante a etapa de Educación Primaria será continua e global, tendo en conta o proceso de aprendizaxe. Feito polo cal, aprobando avaliacións posteriores recupéranse avaliacións anteriores, de ser o caso. Por outra banda, se nalgún momento se obtén unha cualificación negativa, poñeráse en marcha un programa de reforzo individualizado para ese alumno en cuestión, como medida ordinaria de atención á diversidade.

## 6. Medidas de atención á diversidade

Na etapa da educación primaria poñeráse especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na detección precoz das súas necesidades específicas e no establecemento de mecanismos de apoio e reforzo tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe co obxecto de reforzar a inclusión e asegurar o dereito a unha educación de calidade. Neste sentido, cobra especial relevancia o tratamento do Alumnado con Necesidade Específica de Apoio Educativo (ACNEAE), entendidos como os alumnos e alumnas que requiran unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e a comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por atoparse en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por incorporarse tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar. O traballo coordinado xunto co Departamento de Orientación, o equipo docente, o persoal sanitario e a familia do alumnado será fundamental para a abordaxe das dificultades que poidan xurdir no proceso de ensino-aprendizaxe. O documento de referencia será o Plan Xeral de Atención á Diversidade, no que figurarán as posibles medidas tanto ordinarias como extraordinarias de atención á diversidade. Neste sentido, a información obtida na avaliación inicial axudará a escoller a/as medida/as de atención á diversidade, como poden ser o reforzo educativo, o

apoio de profesorado con dispoñibilidade horaria ou o apoio de profesorado especialista en Audición e Linguaxe e/ou Pedagogía Terapéutica. Será importante tamén a planificación de actividades de reforzo e ampliación para individualizar o ensino e atender á totalidade do alumnado.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual					X		X
ET.4 - Competencia dixital					X		X
ET.5 - Creatividade					X		X
ET.6 - Emprendemento		X			X		X
ET.7 - Igualdade entre homes e mulleres	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Educación para a paz e resolución pacífica de conflitos	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Educación para o consumo responsable	X	X					
ET.10 - Desenvolvemento sustentable	X	X					
ET.11 - Educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual.	X	X	X	X	X	X	X
ET.12 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X
ET.13 - Pluralidade e respecto polo estado de dereito.			X	X	X		
ET.14 - Respetto pola diversidade afectivo-sexual	X	X	X	X	X	X	X

#### Observacións:

O traballo dos elementos transversais está implícito na labor docente, xa que debemos transmitir unha serie de valores e actitudes ao noso alumnado, tal como reflicte a lexislación vixente. Os elementos transversais non pertencen exclusivamente a unha área en concreto, senón que deben ser abordados ao longo de todas elas. As CCSS serán un espazo ideal para que de xeito globalizado se traballen todos estes contidos mesturados cos propios da área. Certos elementos transversais, como a expresión oral e escrita ou a resolución pacífica de conflitos estarán presentes ao longo de todas as unidades didácticas. Por outra banda, contidos como o desenvolvemento sustentable, serán abordados en unidades didácticas en concreto.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita a algún museo	Coñecerán as normas de comportamento nestes espazos.		X	X
Commemoración do día Internacional da Muller	Realización de actividades para a celebración desta data.	X		
Visita ao Concello	Visita coa que coñecerán o funcionamento desta institución.		X	
Obradoiros relacionados coas distintas festividades	Participarán en obradoiros de cociña, baile, manualidades... relacionados co Samaín, Nadal, entroido...	X	X	X
Saídas á contorna	Aproveitaremos a contorna que nos rodea para realizar actividades relacionadas cos proxectos que desenvolvamos. recollidas de lixo, plantacións, observación de plantas e animais...	X	X	X
Realización da actividade "Os ríos da Estrada"	Con esta actividade concienciaranse da importancia do coidado do medio			X
Charlas formativas	Charlas formativas impartidas por membros da comunidade escolar, gardas ambientais, escritoras ou profesionais de diversos ámbitos.	X	X	X

### Observacións:

- Identificación e experimentación na vida cotiá de situacións que requiran administración do diñeiro (ingresos e gastos), fomento do aforro e do consumo responsable en contextos de xogo.
- Estimación e cálculo do gasto para realizar e das moedas e billetes necesarios para pagar, así como do cambio, en problemas da vida cotiá, contraste das estimacións e rectificación en función deses contrastes.
- Formulación e resolución de problemas, de maneira individual e en equipo, nos que sexa necesario o uso de moedas e billetes relacionados co sistema monetario europeo: orzamentos sinxelos, situacións de compra e venda, planificación de aforro necesario e con verificación do resultado e da necesidade de rectificar en función do erro.
- Figuras xeométricas de dúas e tres dimensións
  - Interpretación e elaboración de mensaxes e descricións que supoñan a identificación e clasificación de figuras xeométricas e dos seus elementos (lados, vértices, ángulos), as relacións entre eles, propiedades e tipoloxía en obxectos e imaxes da súa contorna.
  - Resolución de problemas que impliquen o recoñecemento, clasificación e descrición de corpos xeométricos (cubo, prismas, pirámides, cilindros, conos e esferas) en obxectos e imaxes da súa contorna con explicación do proceso seguido, demostrando curiosidade por descubrir relacións.
  - Exploración individual e en equipo de propiedades de figuras xeométricas de dúas e tres dimensións mediante materiais manipulables (cuadrículas, xeoplanos, policubos, bloques xeométricos, organicubos, katamino, crebacabezas xeométricos, tangram...) e o manexo de ferramentas dixitais (realidade aumentada, robótica educativa, xeometría dinámica) para buscar regularidades, comparalas e clasificalas con criterios sinxelos con explicación do proceso.
  - Estratexias e técnicas de construción de figuras xeométricas de dúas dimensións por composición e descomposición, mediante materiais manipulables e instrumentos de debuxo (regra e escuadra) con explicación do proceso.
- Localización e sistemas de representación
  - Interpretación e descrición da posición relativa de obxectos do espazo real, mapas, planos e textos co vocabulario xeométrico adecuado (perpendicularidade, alíñamento, paralelismo, angularidad) e a súa representación.
  - Interpretación, descrición, elaboración e representación, con estratexias persoais e contrastadas en equipo, de itinerarios en planos, bosquejos, mapas e maquetas sinxelas con uso de soportes físicos e virtuais partindo do espazo vivenciado.
- Movementos e transformacións
  - Descrición verbal e interpretación de información sobre movementos, translacións e simetrías de obxectos e outros elementos do contexto con vocabulario xeométrico adecuado.
  - Xeración de figuras a partir de simetrías e translacións dun patrón inicial e predición do resultado: aplicación á creación artística.
- Visualización, razoamento e modelización xeométrica
  - Resolución e formulación de problemas da vida cotiá que impliquen o uso de estratexias variadas para o cálculo de perímetros de figuras planas, contraste de estratexias e resultados.
  - Resolución individual e en equipo de problemas xeométricos que impliquen o coñecemento de figuras, as súas relacións e propiedades, utilizando estratexias de clasificación, uso de exemplos contrarios, creación de hipótese e construción, argumentación e toma de decisións.
  - Resolución de problemas da vida cotiá empregando o modelo xeométrico e a representación matemática da situación para resolver.
  - Recoñecemento de relacións xeométricas, posicións, movementos, simetrías e translacións en contextos lúdicos, artísticos, científicos, técnicos e en calquera outro ámbito da vida cotiá.
- Crenzas, actitudes e emocións

## Contidos

- Recoñecemento das emocións que poidan facilitar ou prexudicar a aprendizaxe das matemáticas e regulación destas segundo conveña.
- Recursos e estratexias para regular ou tolerar a frustración ante tarefas matemáticas: recoñecemento das emocións implicadas e a súa expresión, relaxación para rebaixar a intensidade das emocións, fixación de metas e obxectivos realistas e conseguibles, autocontrol e adestramento positivo.
- Desenvolvemento da autonomía e aplicación de estratexias para a toma de decisións en situacións de resolución de problemas: ofrecendo alternativas, resolvendo retos, estimulando o razoamento e reforzando os logros.
- Realización de investigacións matemáticas individuais e en equipo como estratexia para fomentar a curiosidade, o interese e a iniciativa na súa aprendizaxe.
- Os xogos matemáticos individuais en formato dixital, impreso e manipulativo como adestramento da perseveranza, confianza nas propias posibilidades e a superación persoal.
- Os enigmas, adiviñas, procura de pistas, xeroglíficos, codificación, pasatempos e retos matemáticos para incrementar a creatividade, curiosidade e gusto polas matemáticas.
- Presentación limpa, clara e ordenada do traballo matemático que permita revisar, rectificar o proceso ou algunha das súas fases e compartir o realizado.
- Traballo en equipos: inclusión, respecto e diversidade
- Uso de actitudes inclusivas e non discriminatorias durante a realización das tarefas matemáticas en equipo con comprensión das emocións e experiencias das demais persoas, sensibilidade e respecto polas diferenzas.
- Os equipos colaborativos e cooperativos para clarificar tarefas, debater propostas, chegar a acordos, contrastar opcións, revisar e analizar producións: escoita e participación activa, responsabilidade e esixibilidade individual, interdependencia positiva, respecto polas contribucións de todas as persoas membros do equipo.
- Estratexias guiadas de planificación, control e organización do traballo en equipos para xestionar o tempo, a realización das tarefas, o establecemento de obxectivos de equipo, a repartición equitativa e rotatorio de roles en interacción simultánea e a avaliación do funcionamento do equipo.
- Valoración da contribución das matemáticas aos distintos ámbitos do coñecemento humano desde unha perspectiva de xénero.
- Recoñecemento das contribucións de matemáticas e matemáticos a diversos ámbitos do saber como mecanismo de construción dunha identidade positiva propia.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía que se desenvolverá será unha metodoloxía a través de proxectos, ABP (APRENDIZAXE BASEADA EN PROXECTOS), coa que pretendemos conseguir un desenvolvemento integral e global do alumnado, tendo sempre como referencia as competencias clave.

#### ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

Organización espacio-temporal:

- Desenvolvemento do proxecto curricular específico para traballar as linguas e as matemáticas en sesións diarias de 1 hora e 30 minutos.
- As distintas especialidades desenvolveranse en sesións diarias de 1 hora e 30 minutos, e serán: Educación emocional, Valores Sociais e Cívicos/ Relixión, Inglés, Música, Plástica e Educación Física.
- Sesións diarias de 1 h e media para o traballo por proxectos, organizados en grupos mixtos de 5o e 6o, distribuíndo ao alumnado en catro contextos de aprendizaxe:

- Contexto humanístico
- Contexto científico
- Contexto matemático
- Contexto lingüístico

No caso do contexto matemático os recantos serán:

- Recanto Medimos



- Recanto Mergullaímonos na Roboítica
- Recanto Vida cotiaí.

Os venres quedan reservados para dous proxectos que duran todo o curso ( Os mass media e O horto escolar), agrupándose o alumnado do mesmo xeito que nos anteriores e rotando cada tres semanas.

Cada grupo irai rotando polos distintos recantos de cada un dos contextos ata rematar todas as tarefas. Para desenvolver o traballo nos contextos contarase coa participacioín de catro docentes, un en cada contexto, e ademais contaremos cun mestre de apoio . Ademais das aulas destinadas para tal fin, traballarase tamedín noutros espazos do centro (aula de psicomotricidade, patios, aula de muízica, corredores, biblioteca...), dependendo das actividades propostas.

#### XUSTIFICACIOÍN

En canto ai aprendizaxe baseada en proxectos entendemos que facilita a adquisicioín das competencias clave. Ademais parten dos intereses do alumnado, axudan a socializar, son integradores e motivadores e posibilitan un ensino globalizado e unha aprendizaxe significativa.

#### OUTRAS CARACTERIÍSTICAS METODOLOXICAS IMPORTANTES

- Mestura de idades, recuperando de novo a idea de ciclo, posibilitando a interaccioín e o desempeíno de diferentes roles.
- Integraccioín das TIC, que permita ao alumnado contar cos recursos tecnolóxicos e aplicacioíns informaíticas para desenvolver os proxectos e os plans de traballo.
- Uso da Biblioteca, como unha fonte baízica de recursos para o desenvolvemento dos proxectos.
- Plans de traballo, para realizar as actividades propostas en cada un dos recantos, que axudan ao alumnado a planificar e desenvolver as tarefas.
- Implicacioín do alumnado na avaliacioín, coñecendo ao comezo que e como se lle vai avaliar e, ao remate, cal foi o resultado.
- Traballo en equipo do profesorado, maior coordinacioín entre todo o profesorado, imprescindible para desenzar e xestionar os programas e proxectos didaíticos.
- Maior implicacioín das familias, faceíndoos partiícipes do traballo a desenvolver polo alumnado e establecendo canles de comunicacioín maízis fluíidas co profesorado e co centro.

## 4.2. Materiais e recursos didaíticos

Denominacioín
Material manipulativo convencional: tangram, policubos, regletas, base dez, bloques lóxicos, pezas de construccioín, corpos xeométricos, kataminos, contas de madeira...
Material manipulativo non convencional: tapóns, pedras, paos, follas...
Material de medidas convencionais: balanzas, básculas, pesas, metros, cintas métricas, recipientes de capacidade, reloxos analóxicos, dixitais e de area.
Material de refugallo: botellas, caixas, envases de produtos do supermercado, teas, fios, lás, ...
Material de debuxo: regra, escuadra, cartabón e compás
Cartos: moedas e billetes.
Recursos tecnolóxicos e dixitais: calculadora, robot, tablet...
Outros recursos: planos, coleccionables, folletos, publicidade, pelotas, aros, material deportivo en xeral...

O curriículo da aízrea de matemaíticas fai numerosas referencias ai manipulacioín e ao emprego de material para favorecer a

comprensión dos distintos contidos que venzen reflectidos nel, polo tanto, empregaranse todos aqueles materiais e recursos que se considere favorecen o proceso educativo e o desenvolvemento das capacidades do alumnado. Para a súa selección atenderase a criterios pedagóxicos. É preciso puntualizar que o emprego de material non é un fin en si mesmo e non garante a consecución dos obxectivos, esixe dunha planificación e secuenciación ás que xa se fixo referencia no apartado anterior.

O emprego do material require dunhas pautas para o seu uso e conservación, deberán ser asumidas e respectadas por todo o alumnado e o seu cumprimento será responsabilidade individual de cada persoa, se ben o reparto e recollida do mesmo estará incluído dentro dos roles dos equipos de traballo.

A distribución e colocación do material na aula favorecerá a accesibilidade para todo o alumnado, de tal xeito que lle resulte sinxelo collelo cando sexa necesario.

No que respecta aos recursos humanos cóntase ca mestra titora, P.T e A.L e outros mestres que puntualmente poidan apoiar. Tameñ pode ser posible contar coas familias e con algunha visita que poida vir a aula para realizar unha exposición sobre algún tema en concreto o alumnado, dar algunha charla ou facer algunha pequena actuación ou taller.

En canto o os recursos materiais inmoables, principalmente as clases realizaranse na aula e se o tempo o permite e o tipo de actividade o require, ao aire libre. En canto o os recursos materiais móbiles, a aula conta cunha pequena dotación de material: armarios con andeis, mesas grandes e individuais e cadeiras suficientes, encerado, biblioteca de aula, algúns xogos didácticos, cortiza nunha das paredes do exterior da aula para colgar material informativo relevante e diversos traballos puntuais dos alumnos/as.

As visitas culturais a museos, exposicións, acontecementos, que

sucedan no noso contorno serán aproveitados como un recurso da comunidade, aproveitando as posibilidades que ofrecen, tanto as institucións públicas como privadas, en colaboración coa escola.

### 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación é un proceso de toma de decisións durante o cal se recolle información, debe formar parte dos procesos de aprendizaxe e ensino e ser reguladora e autorreguladora da aprendizaxe.

Atendendo a isto, a avaliación inicial debe recoller información relevante do alumnado para poder axustar e desenvolver a programación acorde coas súas características, unha aprendizaxe matemática significativa e unha contribución adecuada ao desenvolvemento das competencias. Nesta área, esta avaliación inicial deberá permitir obter información sobre o desenvolvemento da capacidade do alumnado para actuar en situacións matemáticas diversas ponendo en funcionamento coñecementos, habilidades, destrezas, valores e actitudes.

A avaliación inicial debe ter dous grandes momentos: un a comezo de curso e outro ao comezo de cada unidade.

- Ao comezo de curso, sobre todo durante o mes de setembro e principios de outubro, levarase a cabo unha minuciosa avaliación inicial, tanto grupal como individual, que nos diagnosticará a situación de partida así como detectará posibles problemas en cada un dos alumnos/as. Esta avaliación realizarase a partir dos informes de escolarización anterior, das entrevistas coas familias, de pequenas probas individuais e da observación das primeiras semanas. Todos estes instrumentos de avaliación teñen a finalidade de obter deles información sobre o grao de desenvolvemento das competencias clave. Esta avaliación inicial será o punto de partida para a toma de decisións cara ao desenvolvemento do currículo nas programacións de aula e adoptar as medidas de reforzo e apoio que se consideren oportunas para cada alumna ou alumno. É un paso fundamental, pois, en función deses datos tomaranse unhas decisións ou outras. Coñecer saber que sabe e sabe facer o alumnado, mais tamén a súa motivación, a atención, os intereses, o estilo de aprendizaxe, o modo de aproximación aos recursos, as emocións ante as matemáticas, como traballa en equipo (aceptación de roles, participación, responsabilidade, resolución de conflitos, ...). Así, a avaliación inicial ao comezo de curso terá unhas funcións concretas:

- A chegar información sobre o contexto escolar do grupo: profesorado, recursos, posibilidades de interacción con outros grupos, coordinación, medidas de atención, métodos,...

- Obter datos relacionados co entorno socio-familiar do alumnado que poidan incidir no seu desenvolvemento escolar. - Definir concretamente a intervención educativa a desenvolver priorizando aqueles aspectos que se amosaron deficitarios

- Concretar estratexias de aprendizaxe que permitan unha intervención máis eficaz, ademais de servir de referente para contrastar os avances que se vaian obtendo ao longo dos procesos de aprendizaxe e ensino desenvolvidos.

- Ao comezo de curso será de interese avaliar neste nivel:

- A habilidade para establecer relacións entre os obxectos tendo en conta as cualidades ou atributos dos mesmos (color, forma, tamaño,...).

- A capacidade para empregar cuantificadores básicos (uso funcional de números na vida cotiá, cantidade, número e gráfica) e significativos en contexto lúdico e en interacción coas demais persoas (relacións de orde, clasificación e comparación).

- A habilidade de situarse en espazos cotiá, aplicando os seus coñecementos sobre nocións espaciais básicas (relacións topográficas básicas).

- A capacidade de identificar situacións cotiá nas que se precise medir usando o corpo ou outros materiais e ferramentas para realizar medidas.

- A habilidade de organizar a súa actividade ordenando secuencias e usando nocións temporais básicas (o tempo: antes-despois, estacións, ciclos, calendario,...).

- A habilidade de xestionar situacións, retos e problemas mediante a planificación, amosando interese e cooperando coas súas e cos seus iguais.

- A capacidade de ir manexando a frustración ante as dificultades ou problemas empregando algunhas estratexias sinxelas.

- A habilidade de preguntar, identificar preguntas matemáticas e verificar as hipóteses que faga a través

da manipulación.

- A capacidade de usar secuencias de accións ou instrucións para resolver tarefas sinxelas; o nivel das habilidades básicas de pensamento computacional.
- As habilidades desenvolvidas para traballar en equipo (respecto, quendas,...)
- Ao comezo de cada unidade ou proposta de traballo haberá de realizarse unha avaliación inicial durante a cal serán detectadas as ideas, os coñecementos e o control dos procesos matemáticos previos, ... de cara a establecer un adecuado proceso de aprendizaxe significativa. Usaranse no proceso de recollida da información procedementos como a observación, análise de producións do alumnado, intercambios orais-debates-entrevistas, probas escritas e cuestionarios. Respecto dos instrumentos empregaranse os de rexistro (listas de cotexo, listas de control, escalas de valoración, diarios, anecdóticos, rexistro de incidencias,...) e outros que permitan indicar os ítems ou aspectos a ter presentes xunto coa súa valoración (rubricas e guías de observación). Tamén se terán en conta datos procedentes de autoavaliación e a coavaliación.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	15	15	15	20	15	20	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100	100	100

### Criterios de cualificación:

Os criterios de cualificación da área de matemáticas de cada unha das avaliacións parciais e da avaliación final ordinaria serán:

Actividades grupais ou individuais realizadas polo alumnado durante o proxecto curricular específico das matemáticas: 40%

- Realización con ou sen axuda externa, cooperación e comunicación dentro do grupo
- Estimación do tempo invertido para resolver unha actividade
- Grao de adquisición de aprendizaxes básicas
- Orde e limpeza na presentación
- Destrezas
  - Utilización de Internet de forma responsable e uso adecuado do ordenador e de algunha ferramenta telemática
- Revisión do traballo antes de dalo por finalizado
- Creatividade

Participación en proxectos: 40%

- Nivel e calidade dos produtos finais e adecuación ao tema - Mensaxe estruturada
- Uso de vocabulario e ortografía apropiados
- Actitude, cooperación, comunicación e resolución de conflitos dentro do grupo - Esfuerzo, interese e motivación
  - Valoración entre tempo invertido/tempo necesario para resolver as situacións - Orde, limpeza e estrutura do traballo presentado
  - Caligrafía lexible
  - Destrezas
  - Creatividade e iniciativa
  - Uso adecuado do ordenador e de algunha ferramenta telemática
  - Utilización de Internet de forma responsable

Actitude 20%

- Actitude positiva ante as tarefas.
- Realización de traballos na casa sempre que non fosen rematados durante a xornada escolar.
- Colaboración co resto do equipo.
- Respeto polos compañeiros, compañeiras e persoal do centro.

En relación aos instrumentos de avaliación, empregaranse táboas de indicadores, con escalas de observación e o propio rexistro do caderno do mestre en todas as unidades didácticas. Así mesmo, e en función da dinámica de traballo do grupo-clase, poderase realizar nalgunha das UD probas escritas, test de cálculo, baterías de problemas ou outro tipo de exercicios específicos para completar a propia avaliación. Esta avaliación, de acordo ao currículo de Educación Primaria establecido no Decreto 155/2022, será global, continua e formativa e terá en conta o desenvolvemento competencial do alumnado e o seu progreso no conxunto dos procesos de aprendizaxe.

### **Criterios de recuperación:**

Dado que se trata dun currículo competencial e tendo en conta que os obxectivos de área se traballan en todas as avaliacións parciais, a recuperación se integrará na avaliación seguinte. Os instrumentos de avaliación empregados para avaliar os obxectivos de área a través dos criterios de avaliación suporán o emprego de contidos traballados nas avaliacións previas.

Se a valoración dos criterios de cualificación se basea en determinados instrumentos, a recuperación dos obxectivos de área non acadados será avaliado a través do mesmo tipo de instrumentos de avaliación usados na avaliación suspensa. No caso de alumnado con medidas de atención á diversidade, os instrumentos adaptaranse ás súas características.

Actualizarase a cualificación no momento en que o alumnado recupere, dado que se trata dunha avaliación progresiva nun currículo en espiral.

## **6. Medidas de atención á diversidade**

En primeiro lugar queremos que os nosos nenos e nenas sexan os protagonistas da educación e da escola e pensamos que están por encima, incluso, de todo o que supón este documento. E por suposto, para o seu desenvolvemento e a súa aprendizaxe, queremos favorecer o seu benestar, o xogo libre e momentos de disfrute, pero sen esquecer as aprendizaxes individuais e colectivas. Os nenos e nenas son moi diversos, e, nesta diversidade, queremos favorecer unha educación personalizada e inclusiva, que tenza en conta esas diferenzas individuais, os seus distintos ritmos de aprendizaxe, as competencias clave e as intelixencias múltiples, os intereses de cada neno ou nena e os seus estilos de aprendizaxe.

Terase en conta:

- Ás familias, mantendo relación e entrevistas constantes, porque a educación dun neno depende de toda a comunidade. Conocer mellor ao neno/a e facer aportacións positivas, chegar a compromisos e acordos, seguir unha mesma metodoloxía.
- A riqueza enorme de recursos e posibilidades de interacción co medio rural que nos permite a contorna, que ofrece a cada neno/a a posibilidade de interactuar con el, visualizar mellor e interiorizar así as súas aprendizaxes.
- Os distintos estilos de aprendizaxe á hora de interactuar na aula e planificar as actividades. Cada neno/a ten desenvolvidas unhas ou outras intelixencias (capacidade linguística, lóxico-matemática, representación espacial, pensamento musical, uso do corpo para resolver problemas e facer cousas, comprensión dos demais individuos, comprensión de si mesmo, interacción co entorno natural). Ao mesmo tempo, se o facemos deste xeito, estamos favorecendo a integración e a inclusión de todos e cada un dos membros do grupo, potenciando as súas calidades.
- O número reducido de aulas coas que conta o noso centro. Isto permítenos realizar tarefas e actividades que aportan un inmenso campo de posibilidades: valorar as intelixencias individuais e explotar esas calidades, educar na empatía, como medio para unha educación inclusiva, onde ningún membro sexa rexeitado.
- Reforzar determinadas aprendizaxes básicas de ortografía, pronuncia correcta, cálculo, algoritmos con recursos como fichas de reforzo de lingua e matemáticas, utilizar estratexias para captar a atención inicial, como cambios de entonación, xesticulación e dramatización, segmentar as actividades longas e limitar o número destas, supervisar frecuentemente a realización, para reforzar positivamente ou para reconducir a execución ou as distraccións, uso de Software educativo: xogos de linguas e matemáticas, para reforzar os estándares do currículo.
- Utilizar apoios e reforzos visuais na instrución oral.
- Combinar actividades máis estimulantes con outras menos motivadoras.
- Programar actividades grupais para conseguir a colaboración dun compañeiro/a responsable para que lle axude a comprender e a realizar as tarefas.
- Utilizar reforzos positivos para motivar, como eloxios públicos ou privados, colocar os seus traballos no taboleiro, levar os seus traballos á casa cunha felicitación.

- Utilizar frases curtas e claras e permanecer cerca.
- Implicala/o con preguntas sinxelas nas que poidan obter éxito.
- Listas de palabras elaboradas en carteis polo propio alumnado para mellorar a ortografía. Pódense realizar en pequenos grupos, asignándolle a cada grupo unha norma de palabras distintas, para ao final, facer unha exposición na clase de todos os carteis, os cales se repasarán a miúdo.
- Medidas para exercitar o pensamento matemático e o razoamento de problemas: o Xogos de mesa, individuais ou colectivos, parchís, cartas. Pódense rexistrar nunha táboa os participantes e os gañadores en cada caso.
- Utilizar estratexias para controlar e mellorar a conduta:
  - Amosando unha actitude tolerante, flexible e paciente.
  - Actuar como un modelo de conduta reflexiva.
  - Evitar as recriminacións verbais, corrixir en privado e felicitar en público.
  - Ignorar os comportamentos e as chamadas de atención que non sexan moi molestos.
  - Permitir momentos de descanso, como levantarse, borrar o encerado, repartir cadernos.
  - Utilizar puntos para conseguir incentivos (poner a data no encerado, marcar o día no calendario, prender o ordenador e o canoán, repartir material, supervisar o traballo dos demais).
  - Establecer consignas non verbais co alumnado para advertilo do incumprimento dalgunha norma.
  - Evitar a acusación, ridiculización, etiquetaxe moral ou estigmatización
  - Anticiparse e prever situacións que poidan presentar problemas.
  - Realizar entrevistas periódicas individuais co alumnado sobre o seguimento e motivación da conduta, que nos poden servir tamén para detectar algún tipo de acoso escolar.
  - Facer un seguimento do seu traballo.
  - Favorecer a súa integración cando a conduta é a adecuada e que os ignoren cando se portan mal.
  - Retirar da mesa calquera obxecto que poida servir de distracción.
  - Chegar a acordos con contratos de conduta adaptados á súa idade.

#### GRUPOS DE REFORZO NAS ÁREAS INSTRUMENTAIS

No grupo 5o curso de Ed. Primaria reforzase a aquel alumnado que presente un ritmo de aprendizaxe máis lento ou amose algunhas dificultades na consecución dos obxectivos propostos, especialmente nas áreas de linguas e matemáticas.

#### ALUMNADO CON RITMO DE APRENDIZAXE LENTA

- Propor actividades variadas con distintos niveis de dificultade, estimulantes e motivadoras, integradas nas actividades que se realizan co resto do grupo.
- Aumentar as expectativas de éxito con actividades que poidan realizar, xa que o éxito ten un factor motivador para a aprendizaxe.
- Adaptar as actividades ao seu nivel.
- Utilizar espazos que nos permitan realizar un itinerario personalizado e variado para proporcionar axuda continuamente.
- Axuda entre o alumnado.

#### ALUMNADO CON RITMO DE APRENDIZAXE RAÍPIDA

- Planificar actividades de afondamento, é dicir, cun nivel maior de complexidade con respecto ás dos seus compañeiros.
- Propor actividades nas que ampliamos o contido.
- Organizar algunha actividade onde este alumnado comparta os seus intereses co resto do grupo: a través da narración, iniciativas para levar a cabo proxectos,... Darlle a oportunidade de ser alumnos titores de compañeiros máis lentos.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Comprensión de lectura	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual				X		X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.4 - Competencia dixital	X	X		X		X
ET.5 - Fomento da creatividade	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Espí-rito cientí-fico	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Espí-rito do emprendemento	X		X	X		X
ET.8 - Igualdade entre mulleres e homes	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Educación para a Paz			X	X	X	
ET.10 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible	X		X			X
ET.11 - Educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual.	X		X	X	X	

#### Observacións:

As unidades didácticas formuladas van máis aló dunha secuenciación de contidos matemáticos, recollen temas que contextualizan a área coa vida cotiá, o que facilita a abordaxe dos elementos transversais.

Por outro lado, moitos dos instrumentos de avaliación foron seleccionados para amosar a adquisición da competencia matemática, implicando directamente a outras competencias, como a lingüística.

Hai cinco temas transversais que están presentes en todas as unidades didácticas. O enfoque de xénero que se formula nesta programación, así como a proposta de traballo en equipos heteroxéneos, mixtos e diversos implica que a igualdade entre mulleres e homes estea presente no día a día da aula. Por outro lado, a resolución de problemas leva implícita o traballo da comprensión lectora, e a explicación do proceso de resolución dos mesmos, a expresión oral e escrita, polo que son tratados en todas as unidades.

Por último, empregaranse o fomento da creatividade para a creación e resolución de retos e problemas, e o espírito científico propio da área para evitar en todo momento a reprodución de fórmulas ou procesos memorizados sen comprensión previa.

O resto de temas transversais teñen presenza en, alo menos, dúas unidades propostas, aproveitando a temática elixida para o seu tratamento.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saídas á contorna.	Realizaranse actividades relacionadas cos distintos proxectos aproveitando os recursos da nosa contorna: horto escolar, aula da natureza, ...	X		
Mes da ciencia	Novembro é o mes da ciencia e, coincidindo coa nosa unidade " Os experimentos" faremos unha saída didáctica para coñecer un museo científico.	X		
PDI "Rei León"	Coñecer aspectos relacionados co PDI da biblioteca no ámbito matemático.	X	X	X

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Obradoiros en festividades e conmemoracións	Desenvolveranse actividades de baile, manualidades, cociña, deportivas, ... que se realizarán nas distintas celebracións e conmemoracións ao longo do curso (Samaín, magosto, Nadal, entroido, Letras galega, ...)		X	
Olimpiadas escolares	No ecuador do terceiro trimestre, e coincidindo que todo o centro está a traballar esta unidade, realizarase a Olimpiada Escolar, na que todo o alumnado participará nas distintas probas atléticas formuladas.			X
Excursión de fin de curso	Despois de planificar a saída de forma conxunta, toca gozala e levala a cabo.			X

### Observacións:

Seguirase o especificado para o curso na PXA, sempre en función da dispoñibilidade de tempo, priorizando o desenvolvemento curricular da aula, a creatividade do alumnado e sempre que non se sobrecargue o tempo escolar nin extraescolar do docente nin o dos discentes. Levaranse a cabo as que están previstas na Programación xeral Anual, (P.X.A.), así como as saídas ao exterior da aula e a contorna máis próxima e todas aquelas que, puntualmente se oferten ao longo do curso polo concello, ANPA, ou calquera outra entidade pública ou privada, e que poida ter interese no proceso de ensinanza-aprendizaxe do alumnado. Polo tanto, a listaxe de actividades complementarias que se amosa, pode sufrir cambios en función de proxectos e outras actividades que xurdan ou se planifiquen co resto de profesorado do centro.

### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
-Porcentaxe de alumnado que acada unha valoración positiva na materia de matemáticas. Indicador de logro: 75% do alumnado debe ter avaliación positiva.
Metodoloxía empregada
- Aplicación da metodoloxía didáctica acordada no equipo didáctico a nivel de organización, recursos didácticos, etc.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
- Uso de material manipulativo para introducir novos contidos (Escala de 1 a 4)
- Utilización de recursos e estratexias multinivel adaptadas ao alumnado e á súa diversidade (Escala de 1 a 4)
- Valoración da eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación e ampliación propostos ao alumnado.
Medidas de atención á diversidade
- Valoración das medidas xerais de intervención educativa propostas para o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
- Emprego de instrumentos de avaliación adaptados á diversidade (Escala de 1 a 4)



Outros

- Contextualización dos contidos matemáticos na vida cotiá.

**Descrición:**

Naqueles indicadores nos que se emprega a escala de 1 a 4, no que o 1 será o valor mínimo e o 4 será o valor máximo.

**8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

A programación será revisada periodicamente para adaptala aos diferentes ritmos de aprendizaxe. Ao remate de cada unha das Unidades Didácticas levarase a cabo unha avaliación obxectiva tendo como finalidade o mellora do proceso de ensino-aprendizaxe. Ao remate de cada trimestre, valoraranse os resultados académicos obtidos polo alumnado co obxectivo de acadar información sobre o proceso de aprendizaxe, o proceso de ensino e a práctica docente. No caso de non cumprir esta temporalización, analizaremos as posibles causas e proporemos as medidas correctoras necesarias para acadar a temporalización prevista na seguinte avaliación ou, se estamos na última avaliación, para incluír as modificacións necesarias na programación do vindeiro curso.

**9. Outros apartados**

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36002220	CEIP Cabada Vázquez	A Estrada	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Lingua galega e literatura	4º Pri.	4	140

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	31
4.2. Materiais e recursos didácticos	33
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	34
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	35
6. Medidas de atención á diversidade	36
7.1. Concreción dos elementos transversais	37
7.2. Actividades complementarias	38
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	39
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	40
9. Outros apartados	40

## 1. Introducción

O centro no que se programa está situado nas aforas da parroquia de Codeseda, unha zona rural a 9km da vila da Estrada, concello ao que pertence, na provincia de Pontevedra. Atópase fundido no medio natural, pois arredor das súas instalacións só hai montes cheos de árbores e campos de traballo. Considérase moi positivo o enclave no que se ubica, xa que permite facer da escola unha escola viva, aberta ao entorno local e permanentemente interrelacionada coa súa contorna física.

A Programación anual que se presenta a continuación, está destinada ao alumnado de 4º de Educación Primaria. Foi elaborada polo profesorado que imparte este curso en función das liñas pedagóxicas do centro e dos criterios e das medidas adoptadas polo claustro. Esta Programación é coherente coa realidade da comunidade educativa na cal nos atopamos, polo que se propón unha programación inclusiva que favoreza a autonomía do alumnado no traballo escolar, que consolide as aprendizaxes fundamentais nunha contorna cooperativa e integradora prestando especial atención á autonomía e o reforzo positivo

O ensino da área ou materia de Lingua GALEGA e Literatura ao longo da etapa de Educación Primaria ten como obxectivo o desenvolvemento da competencia comunicativa do alumnado entendida en todas as súas vertentes, pragmática, lingüística, sociolingüística e literaria. Debe tamén aportarlle as ferramentas e coñecementos necesarios para desenvolverse satisfactoriamente en calquera situación comunicativa da vida familiar, social e profesional. Eses coñecementos son os que articulan os procesos de comprensión e expresión oral, por unha banda, e de comprensión e expresión escrita, pola outra. A estruturación do pensamento do ser humano faise a través da linguaxe, de aí que esa capacidade de comprender e de expresarse sexa o mellor e máis eficaz instrumento de aprendizaxe.

A área de Lingua Galega e Literatura artículase en seis bloques:

- A lingua e os seus falantes
- Comunicación oral
- Comunicación escrita
- Alfabetización mediática e informacional
- Educación literaria
- Reflexión sobre a lingua e os seus usos no marco de propostas de produción e comprensión de textos orais, escritos ou multimodais

En cada unha das unidades deseñadas para esta programación inclúense contidos relativos a cada un destes bloques, que serán avaliados cos correspondentes criterios de avaliación. Preténdese así dar cobertura en todas as unidades aos aspectos fundamentais na aprendizaxe da lingua galega, de xeito que os bloques mencionados non sexan compartimentos estancos, senón un eixe vertebrador da nosa programación.

A aula para a que se programa consta dun total de 15 alumnos e alumnas: 10 nenos e 5 nenas. Todo o alumnado procede de 3º de EP. Analizando as cualificacións da área de Lingua Galega e Literaruta, a maioría presenta unha cualificación positiva. É importante destacar que esta Programación Didáctica pode sufrir algún tipo de modificación a causa do ritmo de aprendizaxe e traballo do alumnado

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Recoñecer a diversidade lingüística do mundo a partir da identificación das linguas do alumnado e a realidade lingüística de Galicia e plurilingüe e multicultural de España para favorecer a reflexión interlingüística, para identificar e rexeitar estereotipos e prexuízos lingüísticos, e para valorar esa diversidade como fonte de riqueza cultural.	1-5	2-3				1-2		1-3
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais identificando o sentido xeral e a información máis relevante, e valorando con axuda aspectos formais e de contido básicos para construír coñecemento e responder a diferentes necesidades comunicativas.	2	2	1	3	3	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia, claridade e rexistro adecuados para expresar ideas, sentimentos e conceptos; construír coñecemento; establecer vínculos persoais; e participar con autonomía e unha actitude cooperativa e empática en interaccións orais variadas.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	

<b>Obxectivos</b>	<b>CCL</b>	<b>CP</b>	<b>STEM</b>	<b>CD</b>	<b>CPSAA</b>	<b>CC</b>	<b>CE</b>	<b>CCEC</b>
OBX4 - Comprender e interpretar textos escritos e multimodais, recoñecendo o sentido global, as ideas principais e a información explícita e implícita, e realizando con axuda reflexións elementais sobre aspectos formais e de contido, para adquirir e construír coñecemento e para responder a necesidades e intereses comunicativos diversos.	2-3-5	2	1	1	4-5			
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais, con corrección gramatical e ortográfica básicas, seriando correctamente os contidos e aplicando estratexias elementais de planificación, textualización, redacción, revisión e edición para construír coñecemento e para dar resposta a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		
OBX6 - Buscar, seleccionar e contrastar información procedente de dúas ou máis fontes, de forma planificada e co debido acompañamento, avaliando a súa fiabilidade e recoñecendo algúns riscos de manipulación e desinformación, para transformala en coñecemento e para comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista persoal e respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	5	2	3	
OBX7 - Ler de maneira autónoma obras diversas seleccionadas atendendo aos seus gustos e intereses, compartindo as experiencias de lectura, para iniciar a construción da identidade lectora, para fomentar o gusto pola lectura como fonte de pracer e para gozar da súa dimensión social.	1-4			3	1			1-2-3
OBX8 - Ler, interpretar e analizar, de maneira acompañada, obras ou fragmentos literarios adecuados ao seu desenvolvemento, establecendo relacións entre eles e identificando o xénero literario e as súas convencións fundamentais, para iniciarse no recoñecemento da literatura como manifestación artística e fonte de pracer, coñecemento e inspiración para crear textos de intención literaria.	1-2-4							1-2-3-4
OBX9 - Reflexionar de forma guiada sobre a linguaxe a partir de procesos de produción e comprensión de textos en contextos significativos, utilizando a terminoloxía elemental adecuada para iniciarse no desenvolvemento da conciencia lingüística e para mellorar as destrezas de produción e comprensión oral e escrita.	1-2	2	1-2		5			

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática utilizando unha linguaxe non discriminatoria e detectando e rexeitando os abusos de poder a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz senón tamén ético da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

## Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Estamos de volta.	Lectura, entoación e comprensión. O conto. Contar as vacacións. Texto descritivo. Describir un lugar e unha viaxe. Escribir pés de fotos dunha viaxe. A palabra e a sílaba. Acentuación: palabras agudas, graves e esdrúxulas. O dicionario: orde alfabética e búsqueda.	11	16	X		
2	Poemas de outono.	Lectura, entoación e comprensión. Os poemas: estrofa, verso e rima. Recitado de poemas. Escribir pareados. Texto multimodal: dicionarios en liña. Palabras simples e compostas. Os substantivos e as súas clases. A partición de palabras e o uso do guión.	13	18	X		
3	Lendas de Nadal.	Lectura, entoación e comprensión. As lendas. Investigar sobre lendas e expoñer oralmente os resultados. Describir personaxes. O adxectivo e os seus graos. Palabras primitivas e derivadas. Ortografía: uso do b.	13	20	X		
4	Vai moito frío!	Lectura, entoación e comprensión. Texto informativo. Redactar a previsión do tempo. Formular hipóteses. A entrevista: preguntar e responder. Os determinantes. Ortografía: uso do v.	13	18		X	
5	De fábula!	Lectura, entoación e comprensión. A fábula: personaxes e aprendizaxe.	13	18		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
5	De fábula!	Recomendar lecturas: expresamos gustos. Preparar enquisa sobre gustos lectores. Analizar os datos recollidos. Os prefixos. Os pronomes. Ortografía: uso do h. Uso da coma e o punto e coma.	13	18		X	
6	Menudos personaxes!	Lectura, entoación e comprensión. O cómic, elementos que o conforman. Dar e seguir instrucións: pasos para elaborar un cómic. Redactar normas. Os sufixos. O verbo; persoa, número e tempo verbal (presente, pasado e futuro). Palabras con s e x.	13	18		X	
7	Expresámonos.	Lectura, entoación e comprensión. Texto multimodal: páxina web. O texto argumentativo. Defender as ideas propias. Chegamos a acordos. Escribir un artigo de opinión sobre un tema dado. O campo léxico. O adverbio. Uso dos dous puntos e os puntos suspensivos.	12	16			X
8	Arriba o telón!	Lectura, entoación e comprensión. Os textos teatrais. Interpretar un personaxe. Anunciar un acontecemento. Elaborar un folleto, publicidade. As preposicións. Contraccións cos artigos. A oración, parágrafo e texto. Signos de puntuación: a raia.	12	16			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Estamos de volta.	16

Crterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Ler de maneira silenciosa e en voz alta textos escritos e multimodais sinxelos en lingua galega, identificando o sentido global e a información relevante e integrando, de maneira progresivamente autónoma, a información explícita.	Le e extrae a idea dun conto escrito adecuado ao nivel.	PE	55
CA3.7 - Elaborar textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes con diferentes intencións comunicativas, en distintos soportes, integrando recursos gráficos ou paratextuais para facilitar a comprensión da información relevante.	Escribe texto sinxelo integrando recursos gráficos (ilustración).		
CA5.5 - Incorporar a lectura expresiva e a comprensión de textos literarios narrativos, líricos e dramáticos en lingua galega na práctica escolar.	Le en voz alta e entoando ben un conto e responde preguntas de comprensión.		
CA5.8 - Recoñecer recursos básicos da linguaxe literaria e diferenza das principais convencións formais dos xéneros.	Distingue un conto en prosa dun escrito en verso.		
CA6.2 - Producir en galego textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes, en distintos soportes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, iniciándose no uso das normas gramaticais e ortográficas máis sinxelas e progresando, de maneira acompañada, na mobilización de estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición.	Recoñece palabras agudas, graves e esdrúxulas. Acentúa correctamente palabras agudas, graves e esdrúxulas.		
CA6.4 - Revisar os textos propios e alleos, de maneira acompañada, a partir da observación, comparación e manipulación de palabras nun proceso de mellora na produción e comprensión de textos e mediante o uso guiado de dicionarios físicos ou dixitais.	Atopa palabras no dicionario. Separa correctamente en sílabas unha palabra dada.		
CA6.6 - Sistematizar a adquisición de vocabulario galego a través dos textos.	Recoñece e emprega novo vocabulario presentado nos textos traballados.	TI	45
CA1.1 - Amosar interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais de Galicia, incluída unha aproximación ás linguas de signos, identificando algunhas expresións de uso cotián.	Mostra respecto pola lingua que empregan os seus compañeiros/as. Identifica a lingua empregada.		
CA2.1 - Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo as ideas principais, as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas, e progresando, de maneira acompañada, na valoración crítica do contido e dos elementos non verbais elementais.	Escoita un texto e identifica as características fundamentais do que nel se describe.		
CA2.6 - Expresarse con coherencia de forma oral para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións, progresando na adquisición de vocabulario.	Narra ordenadamente feitos acontecidos durante as vacacións.		
CA4.3 - Utilizar a biblioteca de aula e centro para localizar lecturas axeitadas ao seu gusto persoal e intereses, aplicando as normas básicas do seu funcionamento.	Busca na biblioteca de aula obras adecuadas aos seus gustos e intereses.		



Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.6 - Compartir oralmente a experiencia de lectura, participando, de forma acompañada ou autónoma, en comunidades lectoras de ámbito escolar.	Participa na lectura colectiva dun conto, interpretando un personaxe.		
CA5.1 - Ler de maneira autónoma textos de diversos autores e autoras da literatura galega, axustados aos seus intereses, fomentando o gusto pola lectura, avanzando na construción da súa identidade lectora e facendo valoracións persoais das obras literarias de forma guiada.	Le un conto en prosa e outro en verso identificando diferenzas formais. Velocidade lectora adecuada ao 4º curso de primaria.		
CA5.2 - Compartir a experiencia de lectura, en soportes diversos, mediante a realización de actividades literarias e participando na comunidade lectora escolar.	Le con velocidade e entonsación axeitadas.		
CA5.4 - Identificar a biblioteca da aula ou do centro como escenario de actividades literarias compartidas.	Recoñece a biblioteca de aula como fonte de recursos de lectura.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
- Estratexias para a elaboración guiada de conclusións propias sobre o sistema lingüístico. Transformación de enunciados (substitución, cambio de orde, manipulación), utilización, formulación e comprobación de hipóteses e contrastes co castelán e con outras linguas.
- Establecemento de xeneralizacións sobre aspectos lingüísticos elementais na estrutura do galego, prestando especial atención ás relacións (xénero, número, persoa) que se establecen entre substantivos, adxectivos e verbos, utilizando unha metalinguaxe específica elemental.
- Ortografía: utilización das regras básicas de ortografía e puntuación.
- Recoñecemento das distintas clases de palabras e características do seu uso en situacións concretas de comunicación (substantivo, verbo, adxectivo, preposición, adverbio, pronomes e artigos) e utilización das regras básicas de ortografía e puntuación.
- Recoñecemento das distintas clases de palabras e características do seu uso en situacións concretas de comunicación (verbo) e utilización das regras básicas de ortografía e puntuación.
- Procedementos elementais de adquisición e ampliación de vocabulario galego. Semellanzas e diferenzas de forma e significado entre palabras da mesma familia léxica ou semántica.

UD	Título da UD	Duración
7	Expresámonos.	16

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Comprender distintos tipos de textos adaptados á súa idade aplicando os coñecementos básicos sobre a estrutura da lingua, a gramática, o vocabulario, así como as regras de ortografía para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Dada unha páxina web, identifica os diferentes apartados que nela se destacan.	PE	50

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.6 - Producir en lingua galega textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes en distintos soportes, seleccionado o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa e progresando, de maneira acompañada, na mobilización de estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, redacción e revisión, coidando a presentación.	Elabora un texto sinxelo no que dá a súa opinión sobre un tema dado. Inclúe dúas razóns que a xustifican.		
CA3.9 - Acadar as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua escrita.	Expresa a súa opinión de xeito ordeado e respectando a dos outros.		
CA3.10 - Construír, a través da linguaxe e de forma progresiva, un pensamento crítico para evitar discriminacións e prexuízos.	Argumenta a súa opinión sobre un tema.		
CA6.2 - Producir en galego textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes, en distintos soportes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, iniciándose no uso das normas gramaticais e ortográficas máis sinxelas e progresando, de maneira acompañada, na mobilización de estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición.	Identifica os dous puntos e puntos suspensivos. Completa oracións con estes signos de puntuación.		
CA6.5 - Aplicar os coñecementos básicos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía, fixando diferenzas co castelán, para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Recoñece e localiza os adverbios nun texto dado.		
CA1.2 - Identificar, con certa autonomía e en contextos próximos, prexuízos e estereotipos lingüísticos frecuentes, ofrecendo alternativas e recoñecendo a pluralidade lingüística da súa contorna, especialmente a dualidade galego-castelán, como unha fonte de riqueza cultural.	Mostra respecto pola lingua empregada polos/as compañeiros/as.		
CA1.4 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e identificar os abusos de poder a través da palabra a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos básicos, verbais e non verbais, da comunicación, tendo en conta unha valoración social equilibrada das dúas linguas oficiais.	Identifica vocabulario discriminatorio nas conversas.		
CA1.5 - Usar unha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais, culturais e coa perspectiva de xénero.	Respecta aos compañeiros/as.	TI	50
CA2.1 - Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo as ideas principais, as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas, e progresando, de maneira acompañada, na valoración crítica do contido e dos elementos non verbais elementais.	Escoita a opinión de compañeiros/as e identifica as características fundamentais do que expresan.		
CA2.4 - Elaborar textos orais e multimodais coherentes, con planificación acompañada, axustando o discurso á situación comunicativa e utilizando recursos non verbais básicos.	Expresa a súa opinión de xeito ordeado e respectuoso.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Participar en interaccións orais espontáneas ou reguladas, respectando as normas básicas da cortesía lingüística e iniciándose en estratexias de escoita activa.	Participa nas interaccións orais e respecta aos compañeiros/as.		
CA2.7 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e a discriminación polo uso da lingua galega, e identificar os abusos de poder a través da palabra a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos básicos, verbais e non verbais, da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	Chegan a un acordo grupal sobre un conflito.		
CA3.11 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e a discriminación polo uso da lingua galega, e identificar os abusos de poder a través da palabra a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos básicos, verbais e non verbais, da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	Chegan a un acordo grupal sobre un conflito.		
CA4.4 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías da información e da comunicación para a procura e tratamento guiado da información.	Busca información nunha páxina web.		
CA6.1 - Comparar aspectos básicos das linguas do ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada.	Compara a mesma páxina web en distintos idiomas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Identificación de prexuizos e estereotipos lingüísticos.</li> <li>- Recoñecemento nas expresións verbais e non verbais da igualdade entre homes e mulleres.</li> <li>- Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas, tendo unha perspectiva de xénero.</li> <li>- Contexto</li> <li>- Incidencia dos compoñentes (situación, participantes, propósito comunicativo, canle) no acto comunicativo.</li> <li>- Xéneros discursivos</li> <li>- Estratexias para a adquisición de destrezas básicas sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo (contido e forma).</li> <li>- Intención comunicativa e claves da tipoloxía textual básica: narración, descrición, diálogo.</li> <li>- Estratexias para a coherencia e a cohesión á hora de expresarse oralmente en lingua galega.</li> <li>- Procesos: interacción oral</li> <li>- Estratexias de interpretación de elementos básicos da comunicación non verbal.</li> <li>- Interacción oral adecuada en situacións de aula e en contextos formais e informais elementais, mobilizando estratexias básicas de cortesía lingüística e asertividade.</li> <li>- Participación activa en situacións de comunicación, espontáneas e dirixidas, utilizando un discurso coherente,</li> </ul>

## Contidos

- ordenado e lóxico, construíndo o discurso de acordo coas necesidades comunicativas de cada situación.
- Procesos: comprensión oral
- Comprensión global e específica e identificación das ideas máis relevantes de textos orais de diversa tipoloxía e procedentes de diversas fontes (gravacións, medios de comunicación, escoita oral de contos infantís), realizando as inferencias necesarias.
- Detección de posibles usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal e de discriminación polo uso do galego como lingua de comunicación.
- Procesos: produción oral
- Produción de textos orais sinxelos de diferente tipoloxía, atendendo á súa intención comunicativa. Pronuncia e entoación adecuadas atendendo á particularidade fonética da lingua galega.
- Creación de textos orais utilizando unha linguaxe verbal non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
- Contexto
- Incidencia dos compoñentes (situación, participantes, propósito comunicativo, canle) no acto comunicativo.
- Xéneros discursivos
- Estratexias para a comprensión lectora de textos da literatura galega axeitados á súa idade.
- Intención comunicativa e claves da tipoloxía textual básica: narración, descrición, diálogo e exposición.
- Estratexias para a coherencia e a cohesión na produción e reprodución de textos escritos en lingua galega.
- Procesos: comprensión lectora
- Estratexias básicas de comprensión do sentido xeral e identificación das ideas máis relevantes de textos escritos en lingua galega, realizando as inferencias necesarias.
- Comprensión de textos diversos, adecuados á súa idade, lidos en voz alta e en silencio, empregando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta.
- Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica.
- Procesos: produción escrita
- Estratexias básicas de uso de fontes documentais diversas, tanto en papel como dixitais, para mellorar a expresión escrita en lingua galega e a elaboración de textos.
- Valoración da propia produción escrita, así como a produción escrita dos compañeiros e compañeiras.
- Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
- Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación de modo eficiente e responsable para elaborar e presentar as súas producións, adoptando hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable.
- Identificación das similitudes e diferenzas entre as linguas do seu ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada e progresar na súa aprendizaxe.
- Os signos de puntuación elementais como mecanismos para organizar o texto escrito e para expresar a intención comunicativa e relacionándoa coa modalidade oracional.
- Ortografía: utilización das regras básicas de ortografía e puntuación.
- Recoñecemento das distintas clases de palabras e características do seu uso en situacións concretas de comunicación (substantivo, verbo, adxectivo, preposición, adverbio, pronomes e artigos) e utilización das regras básicas de ortografía e puntuación.

### Contidos

- Recoñecemento das distintas clases de palabras e características do seu uso en situacións concretas de comunicación (adverbio) e utilización das regras básicas de ortografía e puntuación.

UD	Título da UD	Duración
8	Arriba o telón!	16

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Comprender distintos tipos de textos adaptados á súa idade aplicando os coñecementos básicos sobre a estrutura da lingua, a gramática, o vocabulario, así como as regras de ortografía para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Le un texto teatral sinxelo e responde preguntas de comprensión.	PE	55
CA3.4 - Analizar, de maneira acompañada, o contido e aspectos formais e non verbais elementais de textos escritos e multimodais, valorando o seu contido, estrutura e fiabilidade, como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta.	Recoñece a importancia das imaxes en folletos e publicidade.		
CA3.7 - Elaborar textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes con diferentes intencións comunicativas, en distintos soportes, integrando recursos gráficos ou paratextuais para facilitar a comprensión da información relevante.	Elaborar un folleto sinxelo, con informacións concretas e integrando recursos gráficos.		
CA3.9 - Acadar as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua escrita.	Exprésase de xeito coherente na lingua escrita.		
CA5.8 - Recoñecer recursos básicos da linguaxe literaria e diferenza das principais convencións formais dos xéneros.	Recoñece e diferencia un texto teatral dun diálogo escrito (uso da raia).		
CA6.2 - Producir en galego textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes, en distintos soportes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, iniciándose no uso das normas gramaticais e ortográficas máis sinxelas e progresando, de maneira acompañada, na mobilización de estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición.	Diferencia oración e parágrafo.		
CA6.5 - Aplicar os coñecementos básicos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía, fixando diferenzas co castelán, para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Localiza preposicións básicas e contraccións das mesmas cos artigos.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.1 - Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo as ideas principais, as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas, e progresando, de maneira acompañada, na valoración crítica do contido e dos elementos non verbais elementais.	Comprende a idea principal dun fragmento teatral.	TI	45
CA2.6 - Expresarse con coherencia de forma oral para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións, progresando na adquisición de vocabulario.	Dado un produto publicitario, produce un slogan de xeito oral.		
CA3.1 - Ler de maneira silenciosa e en voz alta textos escritos e multimodais sinxelos en lingua galega, identificando o sentido global e a información relevante e integrando, de maneira progresivamente autónoma, a información explícita.	Le un fragmento teatral e participa na orde correspondente.		
CA3.5 - Adquirir a eficacia lectora mediante unha planificación sistemática de mellora e o gusto pola lectura.	Participa na lectura de textos teatrais, respectando a orde.		
CA4.3 - Utilizar a biblioteca de aula e centro para localizar lecturas axeitadas ao seu gusto persoal e intereses, aplicando as normas básicas do seu funcionamento.	Busca na biblioteca de aula obras adecuadas aos seus gustos e intereses.		
CA4.5 - Ler de maneira autónoma ou acompañada textos de diversas fontes de información que empreguen a lingua galega acordes cos seus intereses, avanzando na construción da súa identidade lectora.	Participa na lectura colectiva de obras teatrais.		
CA5.1 - Ler de maneira autónoma textos de diversos autores e autoras da literatura galega, axustados aos seus intereses, fomentando o gusto pola lectura, avanzando na construción da súa identidade lectora e facendo valoracións persoais das obras literarias de forma guiada.	Le varios textos teatrais expresando cal lle gusta máis. Velocidade lectora adecuada ao seu nivel.		
CA5.5 - Incorporar a lectura expresiva e a comprensión de textos literarios narrativos, líricos e dramáticos en lingua galega na práctica escolar.	Le en voz alta entoando e interpretando un texto teatral.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Xéneros discursivos</li> <li>- Estratexias para a adquisición de destrezas básicas sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo (contido e forma).</li> <li>- Intención comunicativa e claves da tipoloxía textual básica: narración, descrición, diálogo.</li> <li>- Procesos: comprensión oral</li> <li>- Comprensión global e específica e identificación das ideas máis relevantes de textos orais de diversa tipoloxía e procedentes de diversas fontes (gravacións, medios de comunicación, escoita oral de contos infantís), realizando as inferencias necesarias.</li> <li>- Comprensión e expresión de mensaxes verbais e non verbais, especialmente xestos e ton de voz que incidan no significado da mensaxe que se quere transmitir.</li> </ul>

## Contidos

- Audición, dramatización e reprodución de textos adecuados ao nivel que estimulen intereses e gustos.
- Contexto
- Incidencia dos compoñentes (situación, participantes, propósito comunicativo, canle) no acto comunicativo.
- Xéneros discursivos
- Estratexias para a comprensión lectora de textos da literatura galega axeitados á súa idade.
- Estratexias para a adquisición de destrezas básicas sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo (contido e forma).
- Elementos básicos de contido (tema, fórmulas fixas, léxico) e forma (estrutura, formato, título, imaxes).
- Intención comunicativa e claves da tipoloxía textual básica: narración, descrición, diálogo e exposición.
- Procesos: comprensión lectora
  - Lectura individual ou acompañada de distintos tipos de textos, con entoación e ritmo adecuados ao desenvolvemento cognitivo.
  - Estratexias básicas de comprensión do sentido xeral e identificación das ideas máis relevantes de textos escritos en lingua galega, realizando as inferencias necesarias.
  - Elementos gráficos, textuais e paratextuais progresivamente complexos que favorecen a comprensión antes, durante e despois da experiencia lectora.
  - Comprensión de textos diversos, adecuados á súa idade, lidos en voz alta e en silencio, empregando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta.
- Procesos: produción escrita
  - Creación de textos breves utilizando a lingua galega con intención informativa: carteis, anuncios, pequenos cómics.
  - Utilización da biblioteca e dos recursos dixitais da aula ou do centro como fonte de información, aprendizaxe e lecer.
  - Construción da identidade lectora a partir de lecturas de textos en galego procedentes de diversas fontes de información.
  - Lectura acompañada e comentada de diversos textos literarios en lingua galega, adecuados aos seus intereses e organizados en itinerarios lectores.
  - Lectura expresiva, dramatización ou interpretación de fragmentos, atendendo aos procesos de comprensión e ao nivel de desenvolvemento.
  - Os elementos constitutivos esenciais da obra literaria (tema, protagonista, personaxes secundarios, trama, escenario, linguaxe) na construción do sentido da obra.
- Análise guiada dos recursos expresivos e os seus efectos na recepción do texto.
- Recoñecemento de textos literarios en prosa ou en verso (contos, lendas, poemas, adiviñas, cancións e teatro) e elaboración de textos con intención literaria de maneira libre, a partir de modelos dados ou recreando textos literarios, valorando o sentido estético e a creatividade.
- Identificación de xeito acompañado de recursos literarios básicos e diferenciación dos principais xéneros literarios.
- Os signos de puntuación elementais como mecanismos para organizar o texto escrito e para expresar a intención comunicativa e relacionándoa coa modalidade oracional.
- Aproximación á lingua como sistema con distintos niveis: sons e letras, palabras, oracións e textos. Observación e comparación de unidades comunicativas básicas de xeito individual e grupal.
- Mecanismos de coherencia e cohesión elementais, con especial atención ás repeticións e sinónimos, á orde de oracións e parágrafos, aos diferentes conectores gramaticais e textuais explicativos e ás substitucións pronominais como mecanismo gramatical elemental e referencia interna.

**Contidos**

- Ortografía: utilización das regras básicas de ortografía e puntuación.
- Recoñecemento das distintas clases de palabras e características do seu uso en situacións concretas de comunicación (substantivo, verbo, adxectivo, preposición, adverbio, pronomes e artigos) e utilización das regras básicas de ortografía e puntuación.
- Recoñecemento das distintas clases de palabras e características do seu uso en situacións concretas de comunicación (preposición) e utilización das regras básicas de ortografía e puntuación.
- Recoñecemento das distintas clases de palabras e características do seu uso en situacións concretas de comunicación (pronomes) e utilización das regras básicas de ortografía e puntuación.

**4.1. Concrecións metodolóxicas**

A área de Lingua Galega e Literatura ten un carácter esencialmente instrumental e, xunto coas áreas de Lingua Castelá e Lingua Inglesa, está presente tamén nunha porcentaxe das demais áreas curriculares. É a nosa ferramenta indispensable de comunicación, de transmisión de coñecementos, e por tal motivo ten un carácter esencialmente social. A metodoloxía que se desenvolverá será unha metodoloxía a través de proxectos, ABP (APRENDIZAXE BASEADA EN PROXECTOS), coa que pretendemos conseguir un desenvolvemento integral e global do alumnado, tendo sempre como referencia as competencias clave.

**ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO**

Organización espazo-temporal:

- Desenvolvemento do proxecto curricular específico para traballar as linguas e as matemáticas en sesións diarias de 1 hora e 30 minutos.
- As distintas especialidades desenvolveranse en sesións diarias de 1 hora e 30 minutos, e serán: Educación emocional, Valores Sociais e Cívicos/ Relixión, Inglés, Música, Plástica e Educación Física.
- Sesións diarias de 1 h e media para o traballo por proxectos, organizados en grupos mixtos de 3º e 4º, distribuíndo ao alumnado en catro contextos de aprendizaxe: Contexto humanístico, contexto científico, contexto matemático e contexto lingüístico.



No caso do contexto lingüístico os recantos serán: 1) Xogamos coa lingua, 2) Falar e escoitar e 3) Penso, logo creo.

Os venres quedan reservados para dous proxectos que duran todo o curso (Os mass media e O horto escolar), agrupándose o alumnado do mesmo xeito que nos anteriores e rotando cada tres semanas.

Cada grupo irá rotando polos distintos recantos de cada un dos contextos ata rematar todas as tarefas. Para desenvolver o traballo nos contextos contarase coa participación de catro docentes, un en cada contexto, e ademais contaremos cun mestre de apoio. Ademais das aulas destinadas para tal fin, traballarase tamén noutros espazos do centro (aula de psicomotricidade, patios, aula de música, corredores, biblioteca...), dependendo das actividades propostas.

#### XUSTIFICACIÓN

En canto á aprendizaxe baseada en proxectos entendemos que facilita a adquisición das competencias clave. Ademais parten dos intereses do alumnado, axudan a socializar, son integradores e motivadores e posibilitan un ensino globalizado e unha aprendizaxe significativa.

#### OUTRAS CARACTERÍSTICAS METODOLÓXICAS IMPORTANTES

- Mestura de idades, recuperando de novo a idea de ciclo, posibilitando a interacción e o desempeño de diferentes roles.
- Integración das TIC, que permita ao alumnado contar cos recursos tecnolóxicos e aplicacións informáticas para desenvolver os proxectos e os plans de traballo.
- Uso da Biblioteca, como unha fonte básica de recursos para o desenvolvemento dos proxectos.
- Plans de traballo, para realizar as actividades propostas en cada un dos recantos, que axudan ao alumnado a planificar e desenvolver as tarefas.
- Implicación do alumnado na avaliación, coñecendo ao comezo que e como se lle vai avaliar e, ao remate, cal foi o resultado.

- Traballo en equipo do profesorado, maior coordinación entre todo o profesorado, imprescindible para deseñar e xestionar os programas e proxectos didácticos.

- Maior implicación das familias, facéndoos partícipes do traballo a desenvolver polo alumnado e establecendo canles de comunicación máis fluídas co profesorado e co centro.

Fomento da lectura.

O plan lector do noso centro intenta promover o gusto pola lectura e fomentar o hábito lector entre o alumnado e as familias. Dedícanse un tempo de trinta minutos diarios á lectura na clase. A biblioteca en colaboración cos titores planifica e leva a cabo actividades de fomento da lectura atendendo aos criterios que considere o equipo e cos criterios xerais que se establezan na Programación Xeral Anual. Unha das actividades é a "Mochila viaxeira".

A competencia lectora do alumnado precisa que os poñamos en contacto con toda a diversidade de textos ao longo da súa escolaridade e que lles ofrezamos os recursos para que poidan interpretalos satisfactoriamente.

#### 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Ultraportátiles do alumnado
Portátil de aula e do docente, e PDI
Aula Virtual do centro
Material funxible do alumnado: caderno, lapis, estoxo, goma...
Biblioteca do centro cos fondos e recursos.
Biblioteca de aula con libros de consulta e ficción.
Radio e TV escolar e aula de psicomotricidade (lugar onde se realizan os festivais).

Fontes documetais de internet.
Revista escolar "Pinguíñas"
Xogos didácticos.
Xornais e revistas.
Material funxible.

O equipo dixital do alumnado será a súa principal ferramenta de traballo, complementada con cadernos para realización de anotacións, exercicios, etc. A disposición da aula facilitará os agrupamentos para equipos de traballo, nos que utilizarán estes recursos básicos, así como a propia comunicación oral.

A plataforma EVA Edixgal facilita a comunicación docente/discente nas asignacións de tarefas, e servirá tamén como instrumento de avaliación.

Outros espazos do centro diferentes á súa aula de titoría serán empregados con regularidade para o desenvolvemento curricular nesta área: programas de radio, TV, representacións teatrais, producións audiovisuais, revista escolar "Pinguíñas", ...

Empregaranse todos aqueles materiais e recursos que se considere que favorecen o proceso educativo e o desenvolvemento das capacidades do alumnado. Para a súa selección atenderase a criterios pedagóxicos.

No que respecta aos recursos humanos cóntase ca mestra titora, P.T e A.L e outros mestres que puntualmente poidan apoiar. Tamén pode ser posible contar coas familias e con algunha visita que poida vir á aula para realizar unha exposición sobre algún tema en concreto ó alumnado, dar algunha charla ou facer algunha pequena actuación.

En canto ós recursos materiais inmoebles, principalmente as clases realizaranse na aula, adicada para PCE e nas aulas adicadas para o desenvolvemento dos contextos.

En canto ós recursos materiais móbiles, a aula conta cunha pequena dotación de material: armarios con andeis, mesas individuais e sillas suficientes, pizarra, corcho nunha das paredes do exterior da aula para colgar material informativo relevante e diversos traballos puntuais dos alumnos/as.

As visitas culturais a museos, exposicións, acontecementos, que sucedan no noso contorno, sempre que sexa posible, serán aproveitados como un recurso da comunidade, aproveitando as posibilidades que ofrecen, tanto as institucións públicas como privadas, en colaboración coa escola.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao comezo de curso realizarase unha avaliación inicial para a que se deicarán as catro sesións primeiras, e que constará:

Análise dos informes de fin de ciclo sobre cada un dos alumnos e alumnas. Tamén no seu caso, dos informes de alumnado con área non superada no ciclo anterior.

Entrevista individual para observar o nivel de comprensión e expresión oral.

Establecerase o nivel de competencia curricular e desempeño a partir de:

-Realización dun texto ditado manuscrito, para avaliar a súa concentración e corrección escrita, incluída a ortográfica.

-Redacción dun texto manuscrito para avaliar a súa capacidade de redacción, a correcta separación de palabras e utilización de elementos prosódicos. Avaliarase tamén a correcta ortografía.

-Fichas de comprensión lectora.

-Lectura en voz alta para ver o grado e entoación, velocidade e ritmo.

Con esta información definirase o punto de partida para cada alumno/a nas unidades didácticas programadas.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>11</b>	<b>13</b>	<b>13</b>	<b>13</b>	<b>13</b>	<b>13</b>	<b>12</b>	<b>12</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	55	65	60	65	70	75	50	55	<b>62</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	45	35	40	35	30	25	50	45	<b>38</b>

### Criterios de cualificación:

Os criterios de cualificación da área de lingua galega, de cada unha das avaliacións parciais e da avaliación final ordinaria serán:

Actividades grupais ou individuais realizadas polo alumnado durante o proxecto curricular específico das linguas: 40%  
- Realización con ou sen axuda externa, cooperación e comunicación dentro do grupo.

- Estimación do tempo invertido para resolver unha actividade.

- Grao de adquisición de aprendizaxes básicos

- Orde e limpeza na presentación

- Caligrafía, ortografía e mensaxe estruturada.

- Destrezas

- Utilización de Internet de forma responsable e uso adecuado do ordenador e de algunha ferramenta telemática

- Revisión do traballo antes de dalo por finalizado

- Creatividade

Participación en proxectos: 40%

- Nivel e calidade dos produtos finais e adecuación ao tema

- Mensaxe estruturada

- Uso de vocabulario e ortografía apropiados

- Actitude, cooperación, comunicación e resolución de conflitos dentro do grupo

- Esfuerzo, interese e motivación

- Valoración entre tempo invertido/tempo necesario para resolver as situacións

- Orde, limpeza e estrutura do traballo presentado

- Caligrafía lexible

- Destrezas

- Creatividade e iniciativa

- Uso adecuado do ordenador e de algunha ferramenta telemática

- Utilización de Internet de forma responsable

Actitude 20%

- Actitude positiva ante as tarefas.

- Realización de traballos na casa sempre que non fosen rematados durante a xornada escolar.

- Colaboración co resto do equipo.

- Respecto polos compañeiros, compañeiras e persoal do centro.

En relación aos instrumentos de avaliación, empregaranse táboas de indicadores, con escalas de observación e o propio rexistro do caderno do mestre en todas as unidades didácticas. Así mesmo, e en función da dinámica de traballo do grupo-clase, poderase realizar nalgunha das UD probas escritas, redaccións, test ou outro tipo de exercicios específicos para completar a propia avaliación. Esta avaliación, de acordo ao currículo de Educación Primaria establecido no Decreto 155/2022, será global, continua e formativa e terá en conta o desenvolvemento competencial do alumnado e o seu

progreso no conxunto dos procesos de aprendizaxe.

### **Criterios de recuperación:**

Dado que se trata dun currículo competencial e tendo en conta que os obxectivos de área se traballan en todas as avaliacións parciais, a recuperación se integrará na avaliación seguinte. Os instrumentos de avaliación empregados para avaliar os obxectivos de área a través dos criterios de avaliación suporán o emprego de contidos traballados nas avaliacións previas.

Se a valoración dos criterios de cualificación se basea en determinados instrumentos, a recuperación dos obxectivos de área non acadados será avaliado a través do mesmo tipo de instrumentos de avaliación usados na avaliación suspensa. No caso de alumnado con medidas de atención á diversidade, os instrumentos adaptaranse ás súas características.

Actualizarase a cualificación no momento en que o alumnado recupere, dado que se trata dunha avaliación progresiva nun currículo en espiral.

## **6. Medidas de atención á diversidade**

En primeiro lugar queremos que os nosos nenos e nenas sexan os protagonistas da educación e da escola e pensamos que están por encima, incluso, de todo o que supón este documento. E por suposto, para o seu desenvolvemento e a súa aprendizaxe, queremos favorecer o seu benestar, o xogo libre e momentos de disfrute, pero sen esquecer os aprendizaxes individuais e colectivos. Os nenos e nenas son moi diversos e, nesta diversidade, queremos favorecer unha educación personalizada e inclusiva, que teña en conta esas diferenzas individuais, os seus distintos ritmos de aprendizaxe, as competencias clave e as intelixencias múltiples, os intereses de cada neno ou nena e os seus estilos de aprendizaxe.

Terase en conta:

- Ás familias, mantendo relación e entrevistas constantes, porque a educación dun neno depende de toda a comunidade. Coñecer mellor ao neno/a e facer aportacións positivas, chegar a compromisos e acordos, seguir unha mesma metodoloxía.
- A riqueza enorme de recursos e posibilidades de interacción co medio rural que nos permite a contorna, que ofrece a cada neno/a a posibilidade de interactuar con el, visualizar mellor e interiorizar así as súas aprendizaxes.
- Os distintos estilos de aprendizaxe á hora de interactuar na aula e planificar as actividades. Cada neno/a ten desenvolvidas unhas ou outras intelixencias (capacidade lingüística, lóxico-matemática, representación espacial, pensamento musical, uso do corpo para resolver problemas e facer cousas, comprensión dos demais individuos, comprensión de si mesmo, interacción co entorno natural). Ao mesmo tempo, se o facemos deste xeito, estamos favorecendo a integración e a inclusión de todos e cada un dos membros do grupo, potenciando as súas calidades.
- O número reducido de aulas coas que conta o noso centro. Isto permítenos realizar tarefas e actividades que aportan un inmenso campo de posibilidades: valorar as intelixencias individuais e explotar esas calidades, educar na empatía, como medio para unha educación inclusiva, onde ningún membro sexa rexeitado.
- Reforzar determinadas aprendizaxes básicas de ortografía, pronuncia correcta, cálculo, algoritmos, con recursos como fichas de reforzo de lingua e matemáticas, utilizar estratexias para captar a atención inicial, como cambios de entoación, xesticulación e dramatización, segmentar as actividades longas e limitar o número destas, supervisar frecuentemente a realización, para reforzar positivamente ou para reconducir a execución ou as distraccións, uso de Software educativo: xogos de linguas e matemáticas, para reforzar os estándares do currículo.
- Utilizar apoios e reforzos visuais na instrución oral.
- Combinar actividades máis estimulantes con outras menos motivadoras.
- Programar actividades grupais para conseguir a colaboración dun compañeiro/a responsable para que lle axude a comprender e a realizar as tarefas.
- Utilizar reforzos positivos para motivar, como eloxios públicos ou privados, colocar os seus traballos no taboleiro, levar os seus traballos á casa cunha felicitación.
- Utilizar frases curtas e claras e permanecer cerca.
- Implicala/o con preguntas sinxelas nas que poidan obter éxito.
- Listas de palabras elaboradas en carteis polo propio alumnado para mellorar a ortografía. Pódense realizar en pequenos grupos, asignándolle a cada grupo unha norma de palabras distintas, para ao final, facer unha exposición na clase de todos os carteis, os cales se repararán a miúdo.
- Medidas para exercitar o pensamento matemático e o razoamento de problemas: o Xogos de mesa, individuais ou colectivos, parchís, cartas. Pódese rexistrar nunha táboa os participantes e os gañadores en cada caso.

- Utilizar estratexias para controlar e mellorar a conduta:
- Amosando unha actitude tolerante, flexible e paciente.
- Actuar como un modelo de conduta reflexiva.
- Evitar as recriminacións verbais, corrixir en privado e felicitar en público.
- Ignorar os comportamentos e as chamadas de atención que non sexan moi molestos.
- Permitir momentos de descanso, como levantarse, borrar o encerado, repartir cadernos.
- Utilizar puntos para conseguir incentivos (poñer a data no encerado, marcar o día no calendario, prender o ordenador e o canón, repartir material, supervisar o traballo dos demais).
- Establecer consignas non verbais co alumnado para advertilo do incumprimento dalgunha norma.
- Evitar a acusación, ridiculización, etiquetaxe moral ou estigmatización
- Anticiparse e prever situacións que poidan presentar problemas.
- Realizar entrevistas periódicas individuais co alumnado sobre o seguimento e motivación da conduta, que nos poden servir tamén para detectar algún tipo de acoso escolar.
- Facer un seguimento do seu traballo.
- Favorecer a súa integración cando a conduta é a adecuada e que os ignoren cando se portan mal.
- Retirar da mesa calquera obxecto que poida servir de distracción.
- Chegar a acordos con contratos de conduta adaptados á súa idade.

**GRUPOS DE REFORZO NAS ÁREAS INSTRUMENTAIS**

No grupo 5º curso de Ed. Primaria reforzase a aquel alumnado que presente un ritmo de aprendizaxe máis lento ou amose algunhas dificultades na consecución dos obxectivos propostos, especialmente nas áreas de linguas e matemáticas.

**ALUMNADO CON RITMO DE APRENDIZAXE LENTA**

- Propor actividades variadas con distintos niveis de dificultade, estimulantes e motivadoras, integradas nas actividades que se realizan co resto do grupo.
- Aumentar as expectativas de éxito con actividades que poidan realizar, xa que o éxito ten un factor motivador para a aprendizaxe.
- Adaptar as actividades ao seu nivel.
- Utilizar espazos que nos permitan realizar un itinerario personalizado e variado para proporcionar axuda continuamente.
- Axuda entre o alumnado.

**ALUMNADO CON RITMO DE APRENDIZAXE RÁPIDA**

- Planificar actividades de afondamento, é dicir, cun nivel maior de complexidade con respecto ás dos seus compañeiros.
- Propor actividades nas que ampliamos o contido.
- Organizar algunha actividade onde este alumnado comparta os seus intereses co resto do grupo: a través da narración, iniciativas para levar a cabo proxectos,... Darlle a oportunidade de ser alumnos titores de compañeiros máis lentos.
- Colaboración estreita coas familias para o intercambio de información e de material.

**7.1. Concreción dos elementos transversais**

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Emprendemento.	X	X				X	X	X
ET.5 - Educación emocional e en valores.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Igualdade entre mulleres e homes.	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.7 - Educación para a paz.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible.			X				X	X
ET.9 - Educación para a saúde (incluída a afectivo-sexual).	X	X	X		X		X	X

**Observacións:**

A área de Lingua Galega e Literatura integra todas as áreas do coñecemento e da relación social, xa que é vehículo de comunicación. Os elementos transversais impregnan a práctica totalidade das unidades didácticas, sendo máis patente no referido á igualdade de xénero ou na educación para a paz. Toda a acción educativa nesta área seguirá estes principios de igualdade, resolución dialogada de conflitos, xestión positiva das emocións, etc.

**7.2. Actividades complementarias**

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita ao museo MUPEGA.	Visita ao Museo Pedagóxico de Galicia en Santiago de Compostela	X		
Participación no concurso organizado polos EDLG dos centros educativos do concello de A Estrada.dende a Bilblioteca sobre creación literaria	Participación no Concurso de Micropoemas e Microrrelatos.		X	
Obradoiro de expresión escrita organizado pola biblioteca.	Obradoiro de expresión escrita organizado pola responsable da biblioteca do centro e impartido por escritoras ou escritores do concello da Estrada.			X
Realización da revista escolar "Pinguíñas"	Elaboración de distintos artigos para a revista escolar "Pinguíñas" sobre actividades realizadas no centro.	X	X	X

**Observacións:**

Seguirase o especificado para o curso na PXA, sempre en función da dispoñibilidade de tempo, priorizando o desenvolvemento curricular da aula, a creatividade do alumnado e sempre que non se sobrecargue o tempo escolar nin extraescolar do docente nin o dos discentes. Levaranse a cabo as que están previstas na Programación xeral Anual, (P.X.A.), así como as saídas ao exterior da aula e ao contorno máis próximo: patio, leiras limítrofes, camiño...e todas aquelas que, puntualmente se oferten ao longo do curso polo concello, ANPA, ou calquera outra entidade pública ou privada, e que poida ter interese no proceso de ensinanza-aprendizaxe do alumnado. A listaxe de actividades complementarias que se amosa a continuación, pode sufrir modificacións en función de proxectos e outras actividades que xurdan e se realicen coa aprobación do claustro de profesorado.

### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Avaliación positiva nunha porcentaxe de alumnado superior ao 85%.
Diversidade de propostas e tarefas para poder ter activa a totalidade do alumnado, en concordancia coa súa capacidade e potencialidade.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Nivel de intervención activa do alumnado en MASS MEDIA , mínimo un 80%.
Grao de coñecemento e participación das familias no proceso de aprendizaxe do alumno e alumna.
Medidas de atención á diversidade
Integración do alumnado con NEAE nas actividades de clase, con ou sen apoios de profesorado complementario.
Clima de traballo na aula
Grao de participación do alumnado nas actividades voluntarias (mínimo 50%).
Grao de motivación continuada do alumnado.
Grao de coñecemento e participación das familias no proceso de aprendizaxe do alumno e alumna.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Grao de coordinación entre os docentes do nivel.

#### Descrición:

O deseño das programacións deberá ter en conta o curriculum LOMLOE da área, así como todas as circunstancias específicas do alumnado. Isto require unha perfecta coordinación entre os/as mestres/as do nivel, coordinación que se manterá durante todo o curso, e que permitirá realizar actividades complementarias e curriculares de forma conxunta.



No desenvolvemento das unidades didácticas teremos en conta as circunstancias específicas da nosa área:

- Carácter instrumental, con presenza nas demais áreas curriculares.
- Progresividade nas aprendizaxes, e enriquecemento continuo do coñecemento e das competencias relacionadas.

Deste xeito, a valoración dos logros adquiridos dependerá dos seguintes aspectos:

- Deseño curricular axeitado na dificultade e na significación.
- Grao de adquisición de competencias na área.
- Deseño claro de obxectivos, con definición clara de contidos.
- Deseño claro de criterio de avaliación que perfila con claridade os mínimos esixidos.
- Metodoloxía preferentemente activa e con motivación para o alumnado.
- Recursos didácticos ben seleccionados e axeitados.
- Avaliación continua do proceso para adoptar as correccións que se precisen con rapidez.
- Deseño específico de actividades que permitan un equilibrio entre as expectativas de aprendizaxe e os límites individuais dos diferentes alumnos e alumnas, evitando frustracións e desconexión do proceso.
  - Grao de conexión cos titores e titoras legais do alumnado, mantendo unha información fluída sobre o grupo, e titorías regulares de carácter individual.
  - Igualmente, o nivel de satisfacción coa práctica docente por parte do alumnado, necesario para un desenvolvemento eficaz do proceso educativo.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A programación será revisada periodicamente para adaptala aos diferentes ritmos de aprendizaxe.

Ao remate de cada unha das Unidades Didácticas levarase a cabo unha avaliación obxectiva tendo como finalidade a mellora do proceso de ensino-aprendizaxe.

Ao remate de cada trimestre, valoraranse os resultados académicos obtidos polo alumnado co obxectivo de acadar información sobre o proceso de aprendizaxe, o proceso de ensino e a práctica docente.

No caso de non cumprir esta temporalización, analizaremos as posibles causas e proporemos as medidas correctoras necesarias para acadar a temporalización prevista na seguinte avaliación ou, se estamos na última avaliación, para incluír as modificacións necesarias na programación do vindeiro curso.

As incidencias de seguimento quedarán rexistradas no apartado propio desta aplicación PROENS.

## 9. Outros apartados

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36002220	CEIP Cabada Vázquez	A Estrada	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Música e danza	4º Pri.	1	35

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	15
4.2. Materiais e recursos didácticos	16
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	16
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	17
6. Medidas de atención á diversidade	18
7.1. Concreción dos elementos transversais	18
7.2. Actividades complementarias	19
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	20
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	20
9. Outros apartados	21

## 1. Introducción

Esta PD está pensada para o 4º nivel de educación primaria do CEIP Cabada Vaázquez e está enmarcada no "Decreto XX/2022 polo que se establece a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia" e o seu obxectivo é desenvolver e adaptar á realidade deste centro os preceptos neste recollidos.

Nese senso, neste apartado esta programación remítese en primeira instancia ao reflectido na propia introdución do Decreto na área e materia de Música e Danza, a cal, como se pode comprobar orgánizase arredor de dous eixes respectivamente:

- percepción e análise
- creación e interpretación

Con este documento pretendemos mellorar a calidade do ensino do noso alumnado e ter unha referencia cara onde queremos camiñar, que dependa, por suposto, das intencións das persoas implicadas (profesorado, alumnado, familias, comunidade educativa en xeral), dos recursos cos que contamos e das circunstancias para o seu desenvolvemento.

Ademais da transversalidade que caracteriza esta materia para todas e cada unha das áreas desta etapa, a presente PD está pensada para poder traballar conxuntamente xunto coa outra materia de ámbito artístico deste centro: Educación Plástica e Visual.

Cada unha das 4 UD (Unidades Didácticas) que conforman esta PD está concibida para inculcarlle ao alumnado a importancia de que o relevante este sexa quen de adquirir técnicas e procedementos acordes á súa idade. A tal fin, a capacidade perceptiva, a observación, a habilidade manual e motriz e a sensibilidade ante calquera manifestación musical ou da danza debe ser potenciada. Daremos especial importancia a dotar dunhas técnicas axeitadas para que o alumnado saiba expresarse mediante a música e o corpo como outros medios de expresión e comunicación.

Esta PD está planificada de xeito que 3 das UD teñen unha temporalización de carácter trimestral, mentres que a 4ª UD viaxará o longo de todo o curso ao aparecer nos 3 trimestres, complementando as anteriores. Nos títulos das mesmas están relacionados co Proxecto Documental Integrado do centro que leva por título "O Rei León" e que ten especial importancia para a materia de música por ter como produto final do proxecto a realización do musical.

